F/2024/3 008	04/09 /2024	1000289V2400 093	31/08/2024	29708,07	LEGAMO INFRAESTRUCTU RA VERDE, S.L.	TRABAJOS DE CONSERVACIÓN Y MANTENIMIENTO EN DIFERENTES ZONAS AJARDINADAS AGOSTO 2024		
F/2024/3 009	04/09 /2024	1000289V2400 095	31/08/2024	396,02	LEGAMO INFRAESTRUCTU RA VERDE, S.L.	TRABAJOS DE CONSERVACION Y MANTENIMIENTO ZONA AJARDINADA ""O PAZO"" AGOSTO 2024	171	22799
F/2024/3 010	04/09 /2024	1000289V2400 096	31/08/2024	220,56	LEGAMO INFRAESTRUCTU RA VERDE, S.L.	SERVICIO DE CONSERVACION Y MANTENIMIENTO DEL JARDÍN IGLESIA DE CECEBRE AGOSTO 2024	171	22799
F/2024/3 011	04/09 /2024	1000289V2400 100	31/08/2024	179,27	LEGAMO INFRAESTRUCTU RA VERDE, S.L.	TRABAJO DE CONSERVACION Y MANTENIMIENTO ZONA AJARDINADA GRADUIL AGOSTO 2024	171	22799
F/2024/3 012	04/09 /2024	1000289V2400 098	31/08/2024	179,08	LEGAMO INFRAESTRUCTU RA VERDE, S.L.	SERVICIO DE MANTENIMIENTO Y CONSERVACION DEL ENTORNO DEL CENTRO SOCIAL DE SAN LORENZO AGOSTO 2024	171	22799
F/2024/3 013	04/09 /2024	1000289V2400 099	31/08/2024	332,15	LEGAMO INFRAESTRUCTU RA VERDE, S.L.	SERVICIO DE MANTENIMIENTO Y CONSERVACION ENTORNO SOCIAL MEIXIGO AGOSTO 2024	171	22799
F/2024/1 8	02/01 /2024	2023//3388	31/12/2023	381,15	MAGA LIMPIEZAS, S.L.	SERVICIO DE LIMPIEZA JUZGADO DE PAZ DICIEMBRE 2023	920	22700
F/2024/3 32	31/01 /2024	2024//221	31/01/2024	381,15	MAGA LIMPIEZAS, S.L.	SERVICIO DE LIMPIEZA JUZGADO DE PAZ ENERO 2024	920	22700
F/2024/6 62	29/02 /2024	2024//509	29/02/2024	381,15	MAGA LIMPIEZAS, S.L.	SERVICIO DE LIMPIEZA JUZGADO DE PAZ FEBRERO 2024	920	22700
F/2024/1 173	01/04 /2024	2024//795	31/03/2024	381,15	MAGA LIMPIEZAS, S.L.	PRESTACIÓN SERVICIO DE LIMPIEZA JUZGADO DE PAZ MARZO 2024	920	22700
F/2024/1 511	30/04 /2024	2024//1083	30/04/2024	381,15	MAGA LIMPIEZAS, S.L.	SERVICIO DE LIMPIEZA JUZGADO DE PAZ ABRIL 2024	920	22700
F/2024/1 887	03/06 /2024	2024//1382	31/05/2024	381,15	MAGA LIMPIEZAS, S.L.	SERVICIO DE LIMPIEZA JUZGADO DE PAZ MAYO 2024	920	22700
F/2024/2 219	02/07 /2024	2024//1685	30/06/2024	381,15	MAGA LIMPIEZAS, S.L.	SERVICIO DE LIMPIEZA JUZGADO DE PAZ JUNIO 2024	920	22700
F/2024/3 288	30/09 /2024	2024//2552	30/09/2024	773,19	MAGA LIMPIEZAS, S.L.	SERVICIO LIMPIEZA CASA DE LA CULTURA ""VILLA CONCEPCION ""DEL 1/9	334	22700



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

						AL 30/9 2024		
F/2024/3 289	30/09 /2024	2024//2553	30/09/2024	667,16	MAGA LIMPIEZAS, S.L.	SERVICIO LIMPIEZA ESCUELA MUSICA DEL 1/9 AL 30/9 2024	334	22700
F/2024/2 238	02/07 /2024	Emit- 133	01/07/2024	528,23	MANU SPORTS CAMBRE S.L.	SUMINISTRO DE 187 MEDALLAS Y 69 DISCOS TORNEO MIGUEL CARIDAD DENTRO LIGA RÍAS ALTAS DE JUDO 2023	341	22199
F/2024/3 322	03/10 /2024	SER-2024 3028	03/10/2024	10612,70	OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS, S.L.	SERVICIO CONSERJERIA Y LIMPIEZA CAMPOS FUTBOL:DANI MALLO,BARCALA- LENDOIRO Y OS PINARES JULIO 2024		
F/2024/3 323	03/10 /2024	SER-2024 3029	03/10/2024	10612,70	OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS, S.L.	SERVICIO CONSERJERIA Y LIMPIEZA CAMPOS FUTBOL:DANI MALLO,BARCALA- LENDOIRO Y OS PINARES AGOSTO 2024		
F/2024/3 324	03/10 /2024	SER-2024 3030	03/10/2024	10612,70	OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS, S.L.	SERVICIO CONSERJERIA Y LIMPIEZA CAMPOS FUTBOL:DANI MALLO.BARCALA- LENDOIRO Y OS PINARES SEPTIEMBRE 2024		
F/2024/3 247	19/09 /2024	R31000885519	01/09/2024	6995,36	R CABLE Y TELECOMUNICAC IONES GALICIA, S.A.	SERVICIO DE TELEFÓNIA DE LOS NUEVOS LOCALES DE LA BARCALA (EDUCACIÓN,CULTURA Y DEPORTES)AGOSTO 2024	920	22200
F/2024/3 602	19/10 /2024	R31000902701	01/10/2024	7002,78	R CABLE Y TELECOMUNICAC IONES GALICIA, S.A.	SERVICIO TELEFONIA NUEVOS LOCALES BARCALA (DEPORTES,CULTURA Y EDUCACION)SEPTIEMBRE 2024	920	22200
F/2024/9	02/01 /2024	23 239	29/12/2023	145,20	ROMERSAN 2, S.L.	SERVICIO DE MANTENIMIENTO JARDINERAS CASA CONSISTORIAL DICIEMBRE 2023	920	21200
F/2024/1 0	02/01 /2024	23 240	29/12/2023	181,50	ROMERSAN 2, S.L.	SERVICIO DE MANTENIMIENTO JARDÍN URBANIZACIÓN A PATIÑA DICIEMBRE 2023	171	22799
F/2024/1 2	02/01 /2024	23 242	29/12/2023	592,90	ROMERSAN 2, S.L.	SERVICIO DE MANTENIMIENTO ZONA AJARDINADA DE O GRAXAL DICIEMBRE 2023	171	22799
F/2024/1 3	02/01 /2024	23 243	29/12/2023	145,20	ROMERSAN 2, S.L.	SERVICIO DE MANTENIMIENTO TALUD URBANIZACIÓN DE O GRAXAL DICIEMBRE 2023	171	21000
F/2024/3 51	01/02 /2024	24 12	31/01/2024	145,20	ROMERSAN 2, S.L.	SERVICIO DE MANTENIMIENTO JARDINERAS CASA CONSISTORIAL ENERO 2024	920	21200
F/2024/3 53	01/02 /2024	24 15	31/01/2024	592,90	ROMERSAN 2, S.L.	SERVICIO DE MANTENIMIENTO MEDIANERA AJARDINADA DE O GRAXAL ENERO 2024	171	22799
F/2024/3 52	01/02 /2024	24 13	31/01/2024	181,50	ROMERSAN 2, S.L.	SERVICIO DE MANTENIMIENTO JARDÍN URBANIZACIÓN A PATIÑA ENERO 2024	171	22799
F/2024/3 54	01/02 /2024	24 16	31/01/2024	145,20	ROMERSAN 2, S.L.	SERVICIO DE MANTENIMIENTO TALUD URBANIZACIÓN DE O GRAXAL ENERO 2024	171	21000
F/2024/9 48	07/03 /2024	24 29	29/02/2024	145,20	ROMERSAN 2, S.L.	SERVICIO DE MANTENIMIENTO JARDINERAS CASA CONSISTORIAL FEBRERO 2024	920	21200
F/2024/9 46	07/03 /2024	24 030	29/02/2024	181,50	ROMERSAN 2, S.L.	SERVICIO DE MANTENIMIENTO JARDÍN URBANIZACIÓN A PATIÑA FEBRERO 2024	171	22799
F/2024/9 47	07/03 /2024	24 33	29/02/2024	145,20	ROMERSAN 2, S.L.	SERVICIO DE MANTENIMIENTO TALUD URBANIZACIÓN O GRAXAL FEBRERO 2024	171	21000
F/2024/9 49	07/03 /2024	24 32	29/02/2024	592,90	ROMERSAN 2, S.L.	SERVICIO DE MANTENIMIENTO MEDIANERA AJARDINADA DE O GRAXAL FEBRERO 2024	171	22799
F/2024/1 197	02/04 /2024	24 50	27/03/2024	145,20	ROMERSAN 2, S.L.	SERVICIO DE MANTENIMIENTO TALUD URBANIZACIÓN O GRAXAL MARZO 2024	171	21000
F/2024/1 198	02/04 /2024	24 49	27/03/2024	592,90	ROMERSAN 2, S.L.	SERVICIO DE MANTENIMIENTO MEDIANERA AJARDINADA DE O GRAXAL MARZO 2024	171	22799
F/2024/1 200	02/04 /2024	24 47	27/03/2024	181,50	ROMERSAN 2, S.L.	SERVICIO DE MANTENIMIENTO JARDÍN URBANIZACIÓN A PATIÑA MARZO 2024	171	22799
F/2024/1 201	02/04 /2024	24 46	27/03/2024	145,20	ROMERSAN 2, S.L.	SERVICIO DE MANTENIMIENTO JARDINERAS CASA CONSISTORIAL MARZO 2024	920	21200
F/2024/1	10/05	24 67	30/04/2024	145,20	ROMERSAN 2,	SERVICIO DE MANTENIMIENTO TALUD	171	21000



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

825	/2024				S.L.	URBANIZACIÓN O GRAXAL ABRIL 2024		
F/2024/1 826	10/05 /2024	24 66	30/04/2024	592,90	ROMERSAN 2, S.L.	SERVICIO DE MANTENIMIENTO MEDIANERA AJARDINADA DE O GRAXAL ABRIL 2024	171	22799
F/2024/1 827	10/05 /2024	24 64	30/04/2024	181,50	ROMERSAN 2, S.L.	SERVICIO DE MANTENIMIENTO JARDÍN URBANIZACIÓN A PATIÑA ABRIL 2024	171	22799
F/2024/1 828	10/05 /2024	24 63	30/04/2024	145,20	ROMERSAN 2, S.L.	SERVICIO DE MANTENIMIENTO JARDINERAS CASA CONSISTORIAL ABRIL 2024	920	21200
F/2024/2 174	21/06 /2024	24 080	31/05/2024	181,50	ROMERSAN 2, S.L.	SERVICIO DE MANTENIMIENTO JARDÍN URBANIZACIÓN A PATIÑA MAYO 2024	171	22799
F/2024/2 175	21/06 /2024	24 083	31/05/2024	145,20	ROMERSAN 2, S.L.	SERVICIO DE MANTENIMIENTO TALUD URBANIZACIÓN O GRAXAL MAYO 2024	171	21000
F/2024/2 176	21/06 /2024	24 082	31/05/2024	592,90	ROMERSAN 2, S.L.	SERVICIO DE MANTENIMIENTO MEDIANERA AJARDINADA DE O GRAXAL MAYO 2024	171	22799
F/2024/2 273	04/07 /2024	24 97	29/06/2024	592,90	ROMERSAN 2, S.L.	SERVICIO DE MANTENIMIENTO MEDIANERA AJARDINADA DE O GRAXAL JUNIO 2024	171	22799
F/2024/2 274	04/07 /2024	24 95	29/06/2024	181,50	ROMERSAN 2, S.L.	SERVICIO DE MANTENIMIENTO JARDÍN URBANIZACIÓN A PATIÑA JUNIO 2024	171	22799
F/2024/2 271	04/07 /2024	24 98	29/06/2024	145,20	ROMERSAN 2, S.L.	SERVICIO DE MANTENIMIENTO TALUD URBANIZACIÓN DE O GRAXAL JUNIO 2024	171	21000
F/2024/2 918	19/08 /2024	24 114	31/07/2024	145,20	ROMERSAN 2, S.L.	SERVICIO MANTENIMIENTO TALUD EN URBANIZACION DE O GRAXAL JULIO 2024	171	21000
F/2024/2 919	19/08 /2024	24 113	31/07/2024	592,90	ROMERSAN 2, S.L.	SERVICIO DE MANTENIMIENTO DE LA MEDIANERA AJARDINADA DE O GRAXAL JULIO 2024	171	22799
F/2024/2 920	19/08 /2024	24 112	31/07/2024	296,45	ROMERSAN 2, S.L.	SERVICIO DE MANTENIMIENTO ZONA AJARDINADA CASA DE LA CULTURA VILLA CONCEPCIÓN JULIO 2024	171	22799
F/2024/2 921	19/08 /2024	24 111	31/07/2024	181,50	ROMERSAN 2, S.L.	SERVICIO DE MANTENIMIENTO JARDÍN URBANIZACIÓN A PATIÑA JULIO 2024	171	22799
F/2024/3 532	08/10 /2024	24 139	30/09/2024	181,50	ROMERSAN 2, S.L.	MANTENIMIENTO MENSUAL DE JARDIN DE LA URBANIZ A PATINA (2 FRECUENCIAS) SPTIEMBRE 2024	171	22799
F/2024/3 534	08/10 /2024	24 141	30/09/2024	592,90	ROMERSAN 2, S.L.	MANTENIMIENTO DE LA MEDIANERA AJARDINADA DE O GRAXAL SEPTIEMBRE 2024	171	22799
F/2024/3 535	08/10 /2024	24 142	30/09/2024	145,20	ROMERSAN 2, S.L.	MANTENIMIENTO MENSUAL (DESBROCE) DE TALUD EN URBANIZACION DE O GRAXAL SEPTIEMBRE 2024	171	22799
F/2024/3 546	08/10 /2024	24 125	30/08/2024	181,50	ROMERSAN 2, S.L.	MANTENIMIENTO MENSUAL DE JARDIN DE LA URBANIZ A PATINA (2 FRECUENCIAS)AGOSTO 2024	171	22799
F/2024/3 548	08/10 /2024	24 127	30/08/2024	592,90	ROMERSAN 2, S.L.	MANTENIMIENTO DE LA MEDIANERA AJARDINADA DE O GRAXAL AGOSTO 2024	171	22799
F/2024/3 549	08/10 /2024	24 128	30/08/2024	145,20	ROMERSAN 2, S.L.	MANTENIMIENTO MENSUAL (DESBROCE) DE TALUD EN URBANIZACION DE O GRAXAL AGOSTO 2024	171	22799
F/2024/3 291	30/09 /2024	normal 1367	A24- 30/09/2024	345,87	SANAL, CONTROL MEDIOAMBIENTA L, S.A.	SERVICIO CONTROL Y PREVENCIÓN LEGIONELA INSTALACIONES DEPORTIVAS SEPTIEMBRE 2024	342	21200
F/2024/3 284	30/09 /2024	240 501	30/09/2024	317,69	SERVPLUSTOTA L, S.L.U.	SERV. DE INTERV. SOCIOEDUCATIVA DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN E (DINAMIZACIÓN XUVENIL 1AL 4/9/24 CASA P	337	22608
F/2024/3 238	17/09 /2024	F 240945	31/08/2024	3525,46	SUMINISTROS GENERALES MANUFACTURAD OS, S.L. - SUGEMA	ALQUILER SANITARIOS UBICACIONES CONCELLO CAMBRE- MES AGOSTO 2024	454	20300
F/2024/3 257	24/09 /2024	F 241075	24/09/2024	810,70	SUMINISTROS GENERALES MANUFACTURAD OS, S.L. - SUGEMA	ALQUILER DE SANITARIOS MES DE SEPTIEMBRE 2024	454	20300



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

F/2024/1 506	30/04 /2024	60DDRR00811 2	29/04/2024	3947,58	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U.	DETALLE DE CONCEPTOS ABRIL 2024 Y ACUERDO VOZ FIJA	920	22200
F/2024/1 862	28/05 /2024	60EDRR00873 6	27/05/2024	4002,43	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U.	DETALLE DE CONCEPTOS MAYO 2024 Y ACUERDO VOZ FIJA	920	22200
F/2024/2 203	02/07 /2024	60FDRR009036	27/06/2024	3823,33	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U.	DETALLE DE CONCEPTOS JUNIO 2024 Y ACUERDO VOZ FIJA	920	22200
F/2024/2 556	30/07 /2024	60GDRR00831 3	29/07/2024	3922,58	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U.	ACUERDO VOZ FIJA DEL 1/7 AL 31/7 2024	920	22200
F/2024/2 960	28/08 /2024	60HDRR00516 2	27/08/2024	3963,22	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U.	DETALLE CONCEPTOS AGOSTO 2024 Y ACUERDO VOZ FIJA	920	22200
F/2024/3 309	03/10 /2024	60IDRR008194	30/09/2024	3945,06	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U.	DETALLE CONCEPTOS SEPTIEMBRE 2024 Y ACUERDO VOZ FIJA	920	22200
F/2024/1 160	01/04 /2024	28-D4M0- 074796	01/04/2024	18,00	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	FACTURACIÓN PANELES SOLARES ESCUELA INFANTIL GALIÑA AZUL DE A BARCALA PERÍODO DE TRÁFICO Y CUOTAS DEL 18-2 AL 17-3-2024	323	22200
F/2024/1 474	16/04 /2024	28-D4Y1- 002483	16/04/2024	18,15	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	FACTURACIÓN INTRANET POLICÍA PERÍODO DE TRÁFICO Y CUOTAS MARZO 2024	920	22203
F/2024/1 525	01/05 /2024	28-E4M0- 000291	01/05/2024	942,37	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	FACTURACIÓN TELEFONÍA MÓVIL PERÍODO DE TRÁFICO DEL 18-3 AL 17-4- 2024 Y PERÍODO DE CUOTAS ABRIL 2024	920	22203
F/2024/1 526	01/05 /2024	28-E4M0- 102172	01/05/2024	8,47	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	FACTURACIÓN TARJETA MÓVIL DESVÍO DE LLAMADAS CENTRALITA PERÍODO DE TRÁFICO Y CUOTAS DEL 18-3 AL 17-4-2024	920	22203
F/2024/1 882	01/06 /2024	28-F4M0- 073034	01/06/2024	18,00	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	FACTURACIÓN PANELES SOLARES ESCUELA INFANTIL GALIÑA AZUL DE A BARCALA PERÍODO DE TRÁFICO Y CUOTAS DEL 18-4 AL 17-5-2024	323	22200
F/2024/1 883	01/06 /2024	28-F4M0- 101177	01/06/2024	8,47	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	FACTURACIÓN TARJETA MÓVIL DESVÍO DE LLAMADAS CENTRALITA PERÍODO DE TRÁFICO Y CUOTAS DEL 18-4 AL 17-5-2024	920	22203
F/2024/1 884	01/06 /2024	28-F4M0- 000271	01/06/2024	1001,80	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	FACTURACIÓN TELEFONÍA MÓVIL PERÍODO DE TRÁFICO DEL 18-4 AL 17-5- 2024 Y PERÍODO DE CUOTAS MAYO 2024	920	22203
F/2024/1 885	01/06 /2024	28-F4M0- 030571	01/06/2024	45,00	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	FACTURACIÓN TELEFONÍA MÓVIL COORDINADOR DE PROTECCIÓN CIVIL PERÍODO DE TRÁFICO Y CUOTAS DEL 18- 4 AL 17-5-2024	920	22203
F/2024/2 208	02/07 /2024	28-G4M0- 000220	01/07/2024	1081,66	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	FACTURACIÓN TELEFONÍA MÓVIL PERÍODO DE TRÁFICO DEL 18-5 AL 17-6- 2024 Y PERÍODO DE CUOTAS JUNIO 2024	920	22203
F/2024/2 209	02/07 /2024	28-G4M0- 100513	01/07/2024	8,47	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	FACTURACIÓN TARJETA MÓVIL DESVÍO DE LLAMADAS CENTRALITA PERÍODO DE TRÁFICO Y DE CUOTAS DEL 18-5 AL 17-6- 2024	920	22203
F/2024/2 210	02/07 /2024	28-G4M0- 072795	01/07/2024	18,00	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	FACTURACIÓN PANELES SOLARES ESCUELA INFANTIL GALIÑA AZUL A BARCALA PERÍODO DE TRÁFICO Y DE CUOTAS DEL 18-5 AL 17-6-2024	323	22200
F/2024/2 211	02/07 /2024	28-G4M0- 030608	01/07/2024	45,00	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	FACTURACIÓN TELEFONÍA MOVIL COORDINADOR DE PROTECCIÓN CIVIL PERÍODO DE TRÁFICO Y DE CUOTAS DEL 18-5 AL 17-6-2024	920	22203
F/2024/2 566	01/08 /2024	28-H4M0- 100178	01/08/2024	8,47	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	CONTRATO BÁSICO LÍNEA 650366578 PERÍODO 18/06/2024-17/07/2024.	920	22200
F/2024/2 567	01/08 /2024	28-H4M0- 000274	01/08/2024	980,00	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	CONTRATO NEGOCIOS 43 LINEAS FACTURADAS DEL 18/6 AL 17/7 2024	920	22203
F/2024/2 568	01/08 /2024	28-H4M0- 072577	01/08/2024	18,00	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	TARIFA BÁSICA LÍNEA 608496127 DEL 18/6 AL 17/7 2024	920	22203
F/2024/2 569	01/08 /2024	28-H4M0- 030500	01/08/2024	45,00	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	CONTRATO 20 PLUS 630871720 DEL 18/6 AL 17/7 2024	920	22200
F/2024/3 213	11/09 /2024	28-I4M0- 000278	01/09/2024	1010,98	TELEFONICA MOVILES	FACTURACION TELEFONÍA MÓVIL PERÍODO DE TRÁFICO 18/07 AL 17/08 DEL	920	21600

					ESPAÑA S.A.	2024 Y PERÍODO DE CUOTAS 01/08 AL 31/08 2024		
F/2024/3 214	11/09 /2024	28-I4M0-099622	01/09/2024	8,47	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	FACTURACION TELEFONÍA MÓVIL PERÍODO DE TRÁFICO 18/07-17/08 2024 Y PERÍODO DE CUOTAS 18/07-17/08 2024	920	21600
F/2024/3 215	11/09 /2024	28-I4M0-072097	01/09/2024	18,00	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	FACTURACIÓN TELEFONÍA MÓVIL PERÍODO DE TRÁFICO 18/07-17/08 2024 Y PERÍODO DE CUOTAS 18/07-17/08 2024	920	21600
F/2024/3 216	11/09 /2024	28-I4M0-030552	01/09/2024	45,00	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	FACTURACIÓN TELEFONÍA MÓVIL PERÍODO DE TRÁFICO 18/07-17/08 2024 Y PERÍODO DE CUOTAS 18/07-17/08 2024	920	21600
F/2024/3 299	01/10 /2024	28-J4M0-099620	01/10/2024	8,47	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	SERVICIO TELEFONÍA MÓVIL 650366578 DEL 17/8 AL 17/9 2024	920	22203
F/2024/3 300	01/10 /2024	28-J4M0-030462	01/10/2024	45,00	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	SERVICIO TELEFONIA 630871720 DEL 18/8 AL 17/9 2024	920	22203
F/2024/3 301	01/10 /2024	28-J4M0-071883	01/10/2024	18,00	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	SERVICIO TELEFONIA 608496127 DEL 18/8 AL 17/9 2024	920	22203
F/2024/3 302	01/10 /2024	28-J4M0-000331	01/10/2024	922,72	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	SERVICIO DE TELEFONIA VARIAS LINEAS DEL 18/8 AL 17/9 2024	920	22203
TOTAL REC 1_2025				161.171,27				

Terceiro: Autorizar, dispoñer no seu caso, recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, así como aprobar a ordenación e realización do seu pagamento.»

Consta no expediente nota informativa de Secretaría 5/2025, do 20 de xaneiro de 2025 (CVD: 17sVkr/xc5mHtT6Z5/rx) [con dilixencia de corrección de erro de transcripción de data 20 de xaneiro de 2025 (CVD: 5DEz2Yev/K5Vt2FAMFRV)] na que se informa desfavorablemente o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos, a aprobación das facturas ás que se refire, e, polo tanto, a proposta da Alcaldía de data 20 de xaneiro de 2025, e que coa corrección do erro di:

«NOTA INFORMATIVA DE SECRETARÍA 5/2025

Remitido a Secretaría o día da data a través da plataforma de tramitación electrónica TEdC o expediente 2025/G006/00003 (no que aparece relacionado o 2025/X006/000022), relativo a recoñecemento extraxudicial de créditos, en uso das atribucións conferidas polo artigo 177 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, por esta Secretaría fanse as seguintes consideracións:

CUESTIÓN PREVIA: CONDICIONAMENTOS

Con carácter previo ao que logo se dirá déixase constancia do escaso tempo hábil con que contou a que subscribe para o exame do asunto(o expediente se remite a secretaria o día de hoxe e pola sra. Alcaldesa dispónse que se inclúa na orde do día da vindeira sesión das comisións informativas que deben convocarse hoxe) , o que, unido á escasez de persoal no servizo, á ausencia da funcionaria que tramita os expedientes de contratación, vacancia doutro posto de técnico de xestión de Administración xeral , á necesidade de atender ao despacho doutros asuntos, e á sobrecarga de traballo excesiva que soporta esta Secretaría , imposibilita facer unas consideracións máis axeitadas. Por iso esta nota informativa emítese coas cautelas, salvedades e condicionamentos que se derivan destes feitos, polo que as consideracións que se farán poderán ser, de ser preciso, ulteriormente ampliadas e/ou matizadas.

Sentado o anterior, e verbo do expediente remitido fanse as seguintes consideracións:

1.- Consta no expediente examinado informe da sra. Interventora municipal de data 19 de xaneiro de 2025 (CVD: CVD: pAV3IEnmbwmDJ+s1530n) no que formula reparos suspensivos respecto das facturas que indica.

1.1.-Sinala a Intervención municipal no apartado 1 das conclusións do informe que:

“1.- As seguintes facturas, a excepción das facturas emitidas pola mercantil AUGASERVI, S.L. relativas ao canon de xestión do servizo municipal de auga e sumidoiro correspondente ao cuarto trimestre 2023 e ao primeiro trimestre 2024 e pola empresa EMPREGO SOCIAL, S.L. por importe unitario de 27.972,23 € correspondente á prestación do servizo de limpeza viaria dos meses de febreiro a xullo de 2024, obedecen ao recoñecemento de obrigas xeradas coa omisión da preceptiva fiscalización da autorización e do compromiso de gasto. As infraccións do ordenamento xurídico detectadas (artigos 28, 36, 37, 116, 117, 131, 132, 151, 154, DA3ª da LCSP), ademais da propia omisión do trámite preceptivo de función interventora (artigos 213 e 214 do TRLFL e artigos 7, 8, 10 do Real Decreto 424/2017, 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local), califican o acto administrativo da contratación verbal dos servizos e subministrados como nulos de pleno dereito (artigo 47.1.e: Los actos de las Administraciones Públicas son nulos de pleno derecho en los casos siguientes... Los dictados prescindiendo total y absolutamente del procedimiento legalmente establecido). Polo tanto, é preceptiva a tramitación dun procedemento administrativo de revisión de oficio antes de proceder á súa imputación orzamentaria pola vía do recoñecemento extraxudicial de créditos(../....)”

De acordo co artigo 28 do Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o Réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local, nos casos de que o/a interventor/ a municipal ao coñecer un expediente, observa a omisión da función interventora debe pronunciarse no informe, entre outros extremos , sobre a posibilidade e conveniencia de revisión dos actos dictados con infracción do ordenamento xurídico (apartado e)), o que será apreciado polo interventor en función de se se realizaron as prestacións, o carácter destas e a súa valoración, así como dos incumprimentos legais producidos, e para o que debe ter en conta o disposto no apartado e) do punto 2 do precepto citado.

Polo tanto, o procedemento a seguir nos casos de omisión de fiscalización dependerá do que resulte do informe de intervención.

Corresponde , pois, ao /á interventor/a municipal pronunciarse sobre o trámite que considera debe darse á facturación en caso de omisión de fiscalización ao estar expresamente atribuído ao/á titular da Intervención.

No suposto examinado, a interventora municipal pronúnciase verbo do procedemento que considera procede seguir e manifesta que é preceptivo a tramitación dun procedemento administrativo de revisión de oficio (por concorrer a causa de nulidade de pleno dereito contida no artigo 47.1 e) da Lei 39/2015, de 1 de outubro) antes de proceder á súa imputación orzamentaria pola vía do recoñecemento extraxudicial de créditos, polo que xuízo da que subscribe non procede neste momento procedemental aprobar as facturas a través dun expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, xa que o artigo 28.1 do Real decreto 424/2017 dispón que non podera recoñecerse a obriga, nin tramitar o pago, nin intervir favorablemente estas actuacións ata que se coñeza e resolva a omisión da fiscalización nos termos previstos no dito artigo, e polo criterio do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia exposto na sentenza de 19 de xullo de 2022(criterio aplicado pola Sentencia número 199/2022, do Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra número 1 de data 27 de outubro de 2022) á que tamén fai referencia a intervención municipal. Cómpre, polo tanto nestes casos, con carácter previo ao REC tramitar os correspondentes procedementos de revisión de oficio.

Polo exposto, á vista de que a interventora municipal se pronuncia en relación ás facturas que indica verbo da necesaria tramitación de prodemento de revisión de oficio , comparte esta secretaría o criterio desfavorable da Intervención municipal polas consideracións que se conteñen no seu informe .

1.2. No apartado 2 das conclusións, informa a Interventora municipal que:

“2.- Emítase un reparo suspensivo ao abeiro do artigo 216.2.c do TRLFL en relación ás seguintes facturas por canto, ao derivar de contratos verbais declarados nulos por acordo plenario de 31.07.2024, o cálculo do importe a satisfacer debe respectar o disposto no artigo 42.1 da LCSL e efectuarse con arranxo a un procedemento contradictorio con audiencia á mercantil. Asemade, ante a falta de acreditación de boa fe e de conformidade coa xurisprudencia citada na CONCLUSIÓN 1.- existe a posibilidade de excluir conceptos tales como o beneficio industrial có que o importe a abonar podería ser inferior ao importe das facturas emitidas: (../....)”

Comparte a que subscribe o criterio desfavorable da intervención municipal por canto non procede á aprobación das facturas, senón , unha vez firme en vía administrativa a declaración de nulidade, proceder – previa a acreditación polos servizos técnicos municipais da realidade das prestacións- á liquidación de acordo co disposto no artigo 42 1da LCSP(“1. La declaración de nulidad de los actos preparatorios del contrato o de la adjudicación, cuando sea firme, llevará en todo caso consigo la del mismo contrato, que entrará en fase de liquidación, debiendo restituirse las partes recíprocamente las cosas que hubiesen recibido en virtud del mismo y si esto no fuese posible se devolverá su valor. La parte que resulte culpable deberá indemnizar a la contraria de los daños y perjuicios que haya sufrido ”), pois nestes casos (declaración de nulidade), non se abona á factura, senón que se restitúen ambas partes as cousas que recibiran, o que debe calcularse no expediente contradictorio que se tramite a estes efectos. Sobre a liquidación e o importe a abonar nos casos de declararse a nulidade dos actos de contratación verbal, comparte a que subscribe o exposto pola Interventora municipal no informe citado.

Á vista do sinalado, comparte esta secretaría o seu criterio desfavorable de intervención.

1.3.- No apartado 5 das conclusións, respecto da factura de MANU SPORTS CAMBRE,S.L. por importe de 528,23 €, sinalálase pola intervención , entre outras cousas, o seguinte:

*“(…/…) Dacordo cós antecedentes que obran no expediente, emítese un **reparo suspensivo ao abeiro do artigo 216.2.c) do TRLFL** á aprobación da seguinte factura dado que o gasto que ampara non é de competencia municipal por canto se refire a un evento alleo ao Concello de Cambre e respecto do cal os propios técnicos municipais non lle deron a súa conformidade(…/…)”.*

Á vista do sinalado, comparte esta secretaría o criterio desfavorable de intervención.

Polo que antecede, comparte a que subscribe as consideracións primeira, terceira ,cuarta e conclusións do informe de intervención de data 19 de xaniero de 2025 (CVD: pAV3IEnmbwmDJ+s1530n) que se dan por reproducidas .

Remítese tamén a que subscribe ao informado na nota informativa de secretaría 33/2024, de 15 de maio de 2024(CVD: 5DB2/svmEZewu8rn2wGu).

2.- En todo caso reitérase novamente o informado por esta Secretaría verbo da necesidade de proceder sen dilación á contratación das diversas prestacións regulares que. requira o Concello(considerando a excepcionalidade da contratación menor, os límites cuantitativos destes 40.000 euros para contratos de obras e 15.000 euros cando se trate de contratos de subministración ou de servizos-, a prohibición de fraccionamento dos contratos, a duración máxima dun ano dos contratos menores e a prohibición da súa prórroga, así como a improcedencia de acudir a esta modalidade para satisfacer necesidades previsibles e recorrentes), e sempre que se atope debidamente xustificada polo servizo correspondente a necesidade da contratación e o importe aproximado das prestacións, de acordo cos principios de publicidade, libre concorrência, igualdade e transparencia, e a través dos procedementos regulados na citada Lei, debendo en todos os casos constar no expediente debidamente xustificada a necesidade e idoneidade da contratación así como a xustificación do prezo do mesmo.

A Comisión consultiva de contratación administrativa da Xunta de Andalucía no seu informe 9/2009, de 15 de xuño sinala que:“(…/…)Los órganos de contratación han de ser conscientes de la indisponibilidad de las normas rectoras de la contratación pública; regla jurídicamente vinculada a la satisfacción del interés general y que opera como garantía de los principios básicos de publicidad, libre concurrencia y transparencia. Además, los métodos de contratación abierta y competitiva, en los que se aplican adecuadamente los descritos principios, permiten más concurrencia y la obtención de beneficios por ofertas más ventajosas, cuestión esta última que afecta a la eficiente utilización de los recursos públicos en un periodo como el actual, caracterizado por importantes restricciones presupuestarias.(…/…)”

O artigo 28.4 da LCSP establece a obriga das Administracións Públicas de programar a actividade de contratación nos seguintes termos:

”4. Las entidades del sector público programarán la actividad de contratación pública, que desarrollarán en un ejercicio presupuestario o periodos plurianuales y darán a conocer su plan de contratación anticipadamente mediante un anuncio de

información previa previsto en el artículo 134 que al menos recoja aquellos contratos que quedarán sujetos a una regulación armonizada.”

A correcta planificación e programación da contratación pública constitúe un medio que, ademais de ser obrigatorio actualmente de conformidade co artigo 28 da LCSP, é crucial para evitar este tipo de situacións radicalmente ilegais que conlevan ademais o risco de que se faga un uso ineficiente dos recursos públicos.

Así o afirma a Axencia Valenciana Antifraude (Axencia de Prevención loita contra o fraude e a corrupción da Comunidade Valenciana) na Recomendación xeral “ *Planificación: herramienta clave para prevenir los riesgos de corrupción en las organizaciones*”, na cal sinala que é “*imprescindible que cada organización **planifique la manera de gastar los recursos públicos en beneficio de la comunidad, tratando así la contratación como inversión meditada y justificada***”, e que “*planificar los contratos **posibilitará su control interno** (especialmente el control financiero permanente) contribuyendo así a minimizar los riesgos de corrupción, sus **costes económicos y la ‘parálisis funcional’ al retrasar la ejecución de las prestaciones contratadas con la el consiguiente descrédito reputacional***”.

3.- Polo que respecta ás posibles responsabilidades das autoridades e funcionarios derivada das contratacións irregularidades, este extremo abórdase pola Interventora municipal no apartado 10 das conclusións do informe de data 18/12/2024, remitíndose tamén esta Secretaría ao informado verbalmente na sesión extraordinaria urxente da Comisión Informativa de Presidencia, Economía e Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá de data 16 de maio de 2024 que figura transcrito na acta da dita sesión.

CONCLUSIÓN:

En atención ao exposto, **infórmase desfavorablemente** o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos , a aprobación das facturas ás que se refire, e, polo tanto, a proposta da Alcaldía de data 20 de xaneiro de 2025 (CVD: IZvxJ3GKbZGJbyBe0+tS).

É o que expoño nesta nota informativa coas limitacións e condicionamentos que se derivan do sinalado na cuestión previa. Esta nota é o resultado da análise dos documentos examinados, e non abrangue aspectos que, pola súa natureza e polo sinalado na cuestión previa, requiren dun exame máis coidado do expediente, polo que as consideracións feitas poderán ampliarse nun informe emitido de acordo co que dispón a normativa de aplicación.»

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro, quen explica a proposta.

Intervenien a voceira do PP, Sra. Piñeiro Fernández, a concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Prieto Lamas, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, o concelleiro de UxC, Sr. Mallo Castro, a concelleira do PP, Sra. Espiñeira Galán e a alcaldesa, Sra. Pan Lesta.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 14 de febreiro de 2025, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Nove (9), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Votos en contra: Once (11), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceró Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Louro López.

Abstencións: Unha (1), da Sra. Lauda Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase non aprobada a proposta da Alcaldía de data 14 de febreiro de 2025 (CVD: 1+Lz7DwBbTyVG8uT6uOh).

2.2. PROPOSTA RELATIVA Á DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO COMITÉ DE EXPERTOS NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO “SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR” – EXPED. 2023/C004/000003

Acceso á videoacta – 00:20:22 horas

A Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a proposta da Alcaldía de data 20 de marzo de 2025 (CVD: +ZcxE9jDOD7QMS4O1zEC), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá, na sesión ordinaria de data 20 de marzo de 2025, que transcrita di:

«PROPOSTA DA ALCALDÍA

Proposta relativa á designación dos membros do comité de expertos no expediente de contratación do “Servizo de axuda no fogar” – Exped. 2023/C004/000003

Visto que o Pleno municipal, en sesión ordinaria do día 30 de xaneiro de 2025, aprobou o expediente de contratación núm. 2023/C004/000003 do “Servizo de axuda no fogar (SAF)”

Visto o disposto na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares, que, entre outras cousas, di:

“(…) De acuerdo con lo establecido en el artículo 146.2.a y en la disposición adicional segunda de la LCSP, la valoración de los criterios sometidos a juicios de valor será efectuada por un comité de expertos, formado como mínimo por tres miembros, integrado por cualquier personal funcionario de carrera o laboral fijo con cualificación apropiada que no haya participado en la redacción de la documentación técnica del contrato de que se trate. En todo caso, entre este personal deberá formar parte un técnico jurista especializado en contratación pública.

En cumplimiento los artículos 29 y 30 del Real Decreto 817/2009, de 8 de mayo, por el que se desarrolla parcialmente la Ley de contratos del sector público, queda establecido que formarán parte del comité de expertos:

- una trabajadora social del Ayuntamiento de Culleredo
- la coordinadora de servicios sociales del Ayuntamiento de Sada
- un técnico jurista especializado en contratación pública

(...)”

Por canto antecede, propónse ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Designar como membros do comité de expertos para a valoración dos criterios sometidos a xuízos de valor do expediente de contratación do “Servizo de axuda no fogar” (exped. núm. 2023/C004/000003) a:

- Noelia Marta Gantes (Traballadora social do Concello de Culleredo)
- Ana Cobas García (Traballadora social - coordinadora Servizos Sociais do Concello de Sada)
- Adrián Juan Márquez Caramés (Secretario xeral do Concello de Betanzos)

Segundo.- Notificar aos membros designados.»

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra á Sra. Díaz Baldomir, quen explica a proposta.

Non producíndose máis intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 20 de marzo de 2025, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dez (10), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Once (11), dos/as Sr./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcerio Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Louro López.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 20 de marzo de 2025 (CVD: +ZcxE9jDOD7QMS4O1zEC), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

2.3. PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN DAS BASES PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA DO ALUMNADO TRABALLADOR DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “PROXEDIS SOCIO SANITARIO-EDUCATIVO II” 2024/2025 DO CONCELLO DE CAMBRE

Acceso á videoacta – 00:23:18 horas

A Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a proposta do concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Local, Patrimonio e Turismo de data 6 de marzo de 2025 (CVD: IP7Vix76RqGz1y2iF/nC), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Transportes, medio Ambiente, Desenvolvemento Local, Patrimonio e Turismo, na sesión ordinaria de data 20 de marzo de 2025, que transcrita di:

«PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO

Visto que os obradoiros de emprego se conciben como programas de carácter temporal, mixtos de formación e emprego, enmarcados nas políticas activas de emprego, dirixidos a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas de 18 anos ou máis anos, a través da súa cualificación profesional en alternancia coa adquisición de experiencia laboral, mediante a realización de obras ou a prestación de servizos de utilidade pública ou interese social, co obxectivo final de favorecer a inserción laboral das persoas participantes.

Tendo en conta a positiva experiencia obtida na posta en marcha dos proxectos: Proxedis, Proxedis II, Proxedis-Proweb I, II, III e Proxedis-Cambre (*PROfesionais en XEriatría e DIScapacidade*), e *PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo*, os resultados acadados nos obradoiros de emprego da especialidade formativa “Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións” cunha porcentaxe media de inserción laboral no sector dun 76% do alumnado traballador entre os anos 2012 ao 2023, así como a alta demanda laboral da ocupación de coidador/a de persoas o xerocultor/a, empuxáronnos un ano máis a continuar por este camiño elaborando un novo proxecto que ademáis contempla unha segunda ocupación na mesma área sociosanitaria educativa con persoas con discapacidade. Este novo proxecto denomínase “PROXEDIS SOCIO Sanitario-educativo II” (Profesionais en Xeriatría e Discapacidade) 2024/2025, e contempla a contratación en alternancia coa formación dun total de 20 persoas desempregadas de Cambre especialmente desfavorecidas, de 18 e máis anos. Do total dos 20 contratos 12 serán para a formación en alternancia co emprego de “Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institución sociais”, e 8 para a formación en alternancia co emprego de “Promoción e intervención socioeducativa con persoas con discapacidade”. En ambas especialidades realizarán

o traballo práctico nas entidades de interese social sen fins lucrativos, colaboradoras co proxecto, que actúan nos sectores de ocupación do proxecto.

Vista a resolución núm.272/2024 de 8 de marzo do concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Local, Deportes, Xuventude e Educación (CVD: *kjpBT0NNBBJQDbkiICRc*), modificada pola Resolución do concelleiro delegado da área de Desenvolvemento Local, Patrimonio e Turismo núm.504/2024 de data 19 de maio (CVD: *8myYvVM6lrrYLs5Vyh2Y*), pola que se aproba o proxecto para a execución do obradoiro dual de emprego “*PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II*” 2024/2025 (*PROfesionais en XEriatría e DIScapacidade*), que permitirá a contratación en alternancia coa formación dun total de 20 persoas desempregadas especialmente desfavorecidas, de 18 e máis anos, para a realización de servizos de interese social nas áreas da atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais e de promoción e intervención socioeducativa con persoas con discapacidade, en institucións colaboradoras co proxecto, e a solicitude da subvención para a execución do obradoiro mencionado, ao abeiro da orde da Consellería de Emprego e Igualdade de 7 de febreiro de 2024.

Vista a resolución do 19 de agosto de 2024 do director territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, na que se concede unha subvención ao Concello de Cambre para a realización do proxecto de obradoiro dual de emprego “*PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II*” 2024/2025, polo importe de 441.928,00 € para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego e os gastos salariais derivados dos contratos de traballo que se suscribisen co alumnado para a realización do proxecto (20 alumnos/as traballadores/as), ds cales **30.000,00 € destinaranse para 20 incentivos á contratación laboral temporal do colectivo participante á finalización do obradoiro** (1.500,00 € por cada traballador/a, co obxecto de promover a inserción laboral das persoas participantes no obradoiro dual de emprego), faise precisa a realización dunha convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea das persoas participantes no obradoiro, ao establecelo así expresamente o artigo 15.2 da orde de 7 de febreiro de 2024 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade “*2. O obxecto dos incentivos á contratación é promover a inserción laboral das persoas participantes dos obradoiros duais de emprego. No caso de que as entidades promotoras soliciten subvención para incentivos á contratación deberán publicar unha convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea das persoas participantes dos obradoiros duais de emprego, dirixido a empresas do ámbito da formación impartida polos obradoiros duais de emprego...*”.

As principais características destes incentivos á contratación son:

- A xestión das axudas realizarase de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.
- O procedemento de tramitación das axudas axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- As axudas teñen como obxecto, a contratación do alumnado/traballador (con resultado de apto/a) da especialidade “**atención sociosanitaria a persoas dependente en institucións sociais**”, por parte de empregadores, empresas ou entidades que sexan titulares ou adxudicatarios da xestión ou similar de centros de iniciativa social ou de iniciativa privada (residencias, centros de día, servizos de axuda no fogar, etc.) que presten servizos de atención sociosanitaria nos ámbitos da xeriatría (maiores) e/ou a discapacidade a persoas en réxime de permanencia parcial, temporal ou permanente, ou ben a contratación do alumnado/traballador da especialidade “**promoción e intervención socioeducativa con persoas con discapacidade**”, por parte de empregadores, empresas ou entidades que sexan titulares ou adxudicatarios da xestión ou similar de centros de iniciativa social ou de iniciativa privada (centros educativos, residencias, centros de día, etc.) que presten servizos de promoción e intervención socioeducativa con persoas con discapacidade.
- Teñen como finalidade incentivar a contratación laboral temporal das persoas participantes no obradoiro, cunha duración mínima de 3 meses de alta en Seguridade Social a xornada completa que obtiveran acadado con apto o certificado de profesionalidade cursado.

- Os contratos temporais incentivaránse cunha **subvención fixa de 1.500,00 € por cada traballador/a** contratado/a.
- O número máximo de contratacións a incentivar será de 20 alumnos traballadores (12 da especialidade de “atención sociosanitaria a persoas dependente en institucións sociais”, e 8 da especialidade de “promoción e intervención socioeducativa con persoas con discapacidade”).
- O número máximo de contratos temporais a incentivar con cargo á presente convocatoria será de cinco por entidade participante.
- As solicitudes de axudas deberán presentarse no prazo comprendido entre a data de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e o día 16 de xuño de 2025 **e as contratacións formalizaranse, con carácter xeral, entre os días 1 ao 15 de setembro de 2025**. Agás que por causas de forza maior a finalización do obradoiro de emprego teña que retrasarse ou por outros feitos motivados se necesite ampliar o prazo. Nese caso os contratos se formalizarán nos quince días seguintes a partir da nova data de finalización.
- Todos os trámites administrativos a realizar durante a tramitación dos procedementos previstos nas bases deberán ser realizados electrónicamente.
- As contratacións polas que se solicita subvención deberán formalizarse e comunicarse ao Servizo Público de Emprego na forma regulamentariamente establecida, axustarse ao disposto nas bases da convocatoria, e realizarse na categoría profesional correspondente en virtude da normativa laboral aplicable.
- O orzamento global máximo para esta convocatoria ascende a 30.000,00 euros, sendo o seu 100% aboado ao Concello pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e Igualdade unha vez formalizados a resolución de concesión da axuda á entidade e os contratos temporais acreditativos das contratacións realizadas.

Tendo en conta a Resolución núm. 138/2024 de data 17/02/2024 do concelleiro delegado da área de economía, Facenda, Innovación tecnolóxica e Seguridade Cidadá polo que se aproba o expediente de xeración de crédito núm.1/2025 polo importe de 297.753,20 euros, no que se contemplan 30.000,00 euros na aplicación orzamentaria 241.48000 “subvencións correntes institucións e empresas fomento de emprego”

Tendo en conta o documento de retención de crédito RC asinado pola interventora o día 24/02/2025 Nºoperación 220250000186 no proxecto 2024 3 241 3 1 Obradoiro de emprego PROXEDIS II 24/25, aplicación orzamentaria 241.48000 Subvencións correntes inst e empresas fomento emprego

Tendo en conta o informe emitido pola responsable da Axencia de Desenvolvemento Local de data 25 de febreiro de 2025 (CVD: uYun0IGs5d0xK6gL0deU), e a fiscalización favorable da interventora municipal indicada nas observacións do expediente TEDeC 2025/G006/000034 que literalmente di “Fiscalización favorable. Subir la propuesta del concejal firmada para que pueda incorporar mi informe” **propono ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:**

Primeiro.- Aprobar as bases para a convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro dual de emprego “PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II” (PROfesionais en XEriatría e DIScapacidade) 2024/2025 do Concello de Cambre, así como a súa convocatoria e modelos de solicitude (anexos).

Bases para a convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro de emprego dual “PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II” (PROfesionais en XEriatría e DIScapacidade) 2024-2025 do Concello de Cambre.

Base 1ª. Disposición xeral

- 1.1. A convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro de emprego dual “PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II” 2024/2025 (PROfesionais en XEriatría e DIScapacidade) do Concello de Cambre, ten por obxecto incentivar a contratación e promover a

inserción laboral das persoas participantes no mesmo, de acordo co disposto nos artigos 15 e 35 da Orde do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2024.

1.2. A xestión destas axudas realizarase de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, transparencia, concorrência, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados.
- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

1.3. A cantidade global máxima para esta convocatoria ascende a 30.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria "241.148.000 Subvencións correntes institucións e empresas fomento do emprego"

En calquera caso, a concesión de subvencións e o recoñecemento das contías quedará condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria.

Base 2ª. Finalidade e duración dos incentivos á contratación por conta allea

2.1. Os incentivos á contratación temporal por conta allea teñen por finalidade facilitar a empregabilidade e ocupabilidade das persoas desempregadas participantes ou que tivesen participado (co resultado de apto/a) no obradoiro dual de emprego "*PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II*" 2024/2025 do Concello de Cambre, financiado a través da convocatoria 2024 de axudas e subvencións a obradoiros duais de emprego da Consellería de Emprego, Comercio e Turismo da Xunta de Galicia. O número máximo de contratacións a incentivar será de 20 alumnos/as traballadores/as (12 da especialidade de "*atención sociosanitaria a persoas dependente en institucións sociais*", e 8 da especialidade de "*promoción e intervención socioeducativa con persoas con discapacidade*").

2.2. As contratacións temporais que se beneficien desta convocatoria terán que cumprir cunha duración mínima de alta en Seguridade Social de 3 meses; deberán reunir os requisitos establecidos nas presentes bases e terán **que formalizarse, con carácter xeral, entre os días 1 ao 15 de setembro de 2025**, agás que por causas de forza maior a finalización do obradoiro de emprego teña que retrasarse ou se por outros feitos motivados se necesite ampliar o prazo. Nese caso os contratos formalizaranse nos quince días seguintes a partir da nova data.

2.3. A xornada da contratación temporal será a tempo completo.

2.4. As entidades beneficiarias seleccionarán ao alumnado traballador obxecto de contratación e **presentarán un listado cos/as persoas candidatas á contratación por orde de prioridade**, que deberán presentarse a través da sede electrónica do Concello de Cambre, **nos dez días anteriores á finalización do proxecto** o día 31 de agosto de 2025, agás que por causas de forza maior ou causas debidamente motivadas se necesite modificar o prazo.

Base 3ª. Entidades beneficiarias dos incentivos á contratación

3.1. Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos á contratación:

- a) As persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas (traballadores/as autónomos/as), as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica. No caso de sociedades civís, comunidades de bens e unións temporais de empresas, deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que vai aplicarse para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiario. En calquera caso, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poder suficiente para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, lle correspondan á agrupación. No suposto de unións temporais de empresas, cada empresa que forme parte desta unión deberá reunir os requisitos esixidos para acceder ás axudas. Asemade, poderán ser beneficiarias destes incentivos as entidades sen

ánimo de lucro (asociacións, fundacións), as congregacións e entidades relixiosas e restantes organizacións nas que concorran os requisitos establecidos nestas bases.

- b) Que contraten traballadoras ou traballadores por conta allea para prestar servizos en centros de traballo radicados no ámbito territorial dos obradoiros duais de emprego relacionados con ocupacións ou postos de traballo vinculados a:
- Atención sociosanitaria a persoas dependentes (coidadoras/es de persoas dependentes, coidador/a de persoas con discapacidade, xerocultoras/es, auxiliares de axuda ao domicilio ou similares), na categoría profesional , ou
 - Promoción e intervención socioeducativa con persoas con discapacidade (monitores/as educadores/as de persoas con discapacidade, monitores/as de servizos á comunidade, Integradores/as sociais ou similar), na categoría profesional correspondente.
- c) Para a contratación do alumnado/traballador da especialidade “**atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais**”, as entidades o empresas beneficiarias deberán ser titulares, adxudicatarias da xestión ou similar, de centros de iniciativa social ou de iniciativa privada (residencias de persoas dependentes, centros de día, servizos de axuda no fogar, etc.) que presten servizos de atención sociosanitaria nos ámbitos da xeriatría (maiores) e/ou no ámbito da discapacidade a persoas en réxime de permanencia parcial, temporal ou permanente.
- d) Para a contratación do alumnado/traballador da especialidade “**promoción e intervención socioeducativa con persoas con discapacidade**”, as entidades o empresas beneficiarias deberán ser titulares, adxudicatarias da xestión ou similar, de centros de iniciativa social ou de iniciativa privada (centros educativos, residencias para persoas dependentes, centros de día, etc.) que presten servizos de promoción e intervención socio educativa con persoas con discapacidade.

3.2. No poderán ser entidades beneficiarias destas axudas as administración públicas, as sociedades públicas, nin as entidades vencelladas ou dependentes de calquera delas.

3.3. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria das subvencións establecidas nesta convocatoria as persoas ou entidades nas que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

- a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- b) Solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, atoparse declarados en concurso salvo que neste adquirise eficacia un convenio, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme a Lei concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- c) Dar lugar, por causa da que fosen declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato suscrito coa Administración.
- d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas, nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.
- e) Non estar ao corrente das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pago algunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos regulamentariamente establecidos.
- f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- g) Non estar ao corrente de pago de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.
- h) Ser sancionada mediante resolución firme, coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a Lei xeral tributaria.
- i) Non poderán acceder á condición de entidade beneficiaria as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas,

públicas ou privadas sen personalidade, cando concorra algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.

- j) En ningún caso poderán obter a condición de entidade beneficiaria as asociacións incursas nas causas de prohibición previstas nos apartados 5 e 6 do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, nin as asociacións respecto das que se suspendeu o procedemento administrativo de inscrición por atoparse indicios racionais de ilicitude penal, en aplicación do disposto no artigo 30.4 da Lei orgánica 1/2002, en tanto non recaia resolución xudicial firme en cuxa virtude poida practicarse a inscrición no correspondente rexistro.

3.4. No poderán obter a condición de entidade beneficiaria as entidades solicitantes que estean excluídas do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións no orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

3.5. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria as entidades solicitantes que non estean ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais co Concello de Cambre, que serán comprobadas de oficio.

3.6. A xustificación por parte das persoas ou entidades solicitantes de non estar incursas nas prohibicións contidas nos números 3.3 e 3.4 anteriores para obter a condición de beneficiaria se realizará mediante declaración responsable, segundo modelo do **anexo II**.

3.7. A xustificación da titularidade, da adxudicación da xestión ou similar de centros de iniciativa social ou de iniciativa privada (residencias, centros de día, servizos de axuda no fogar, etc.) que presten servizos de atención sociosanitaria nos ámbitos da xeriatría (maiores) e/ou da discapacidade a persoas en réxime de permanencia parcial, temporal ou permanente, ou ben de centros de iniciativa social ou de iniciativa privada (centros educativos, residencias, centros de día, etc.) que presten servizos de promoción e intervención socio educativa con persoas con discapacidade, poderase realizar mediante consulta dos datos incluídos no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) aplicación xestionada pola Subdirección xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais da Consellería de Política Social e Iguade da Xunta de Galicia.

Base 4ª. Contía dos incentivos, incompatibilidades e concorrência

- 4.1. As contratacións temporais incentivaranse cunha subvención fixa de 1.500,00 € por cada traballador/a, correspondente a un contrato mínimo de 3 meses a xornada completa.
- 4.2. O **número máximo de contratos** temporais a incentivar con cargo á presente convocatoria **será de cinco** por entidade participante.
- 4.3. Os beneficios establecidos á contratación nesta convocatoria serán incompatibles con outros que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento do emprego. Con todo, serán compatibles, no seu caso, coas bonificacións ou reducións de cotizacións á Seguridade Social.
- 4.4. Os incentivos establecidos neste programa serán compatibles con calquera outra axuda para distinta finalidade da Unión Europea, doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados pero sen que en ningún caso, illadamente ou en concorrência con outras poidan superar os límites establecidos pola Unión Europea e os que establece o artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Neste sentido, non poderán, en concorrência con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 100 % do custo salarial das mensualidades obxecto de subvención.

Base 5ª. Exclusiones

Exclúense dos beneficios regulados nesta convocatoria:

- 5.1. As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores ou noutras disposicións

legais, así como as contratacións de traballadores ou traballadoras para prestar servizos noutras empresas mediante contratos de posta a disposición.

- 5.2. Os contratos realizados co/coa cónxuxe, as persoas ascendentes, as persoas descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, da empresaria ou empresario ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos. Non será aplicable esta exclusión cando a persoa empregadora sexa unha persoa traballadora autónoma que contrate como persoa traballadora por conta allea aos fillos e fillas menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con ela, ou cando se trate dunha persoa traballadora autónoma sen persoas asalariadas e contrate a un solo familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.
- 5.3. As contratacións realizadas con persoas traballadoras que nos 24 meses anteriores á data da contratación prestaran servizos na mesma empresa, segundo o establecido no artigo 2 do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, mediante un contrato de carácter indefinido, ou nos últimos 3 meses mediante un contrato de carácter temporal ou mediante un contrato formativo, de relevo ou de relevo por anticipación da idade de xubilación. O disposto neste parágrafo será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador ou da traballadora con empresas ás que a persoa solicitante dos beneficios sucedera en virtude do establecido no artigo 44 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro.

Base 6ª. Solicitudes, documentación e prazos

- 6.1. O prazo de presentación de solicitudes iniciárase a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no boletín oficial da provincia de A Coruña, **e rematará o día 16 de xuño de 2025.**
- 6.2. As solicitudes de axudas dirixiranse ao/á Alcalde do Concello de Cambre e presentaranse na súa sede electrónica (<https://sede.cambre.es/opencms/gl/>).
- 6.3. **Todos os trámites administrativos** que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación dos procedementos previstos nestas bases, **deberán ser realizados electrónicamente.**
- 6.4. As solicitudes deberán presentarse pola persoa interesada, ou por quen obstea a súa representación, no modelo normalizado "Solicitud" que figura como **anexo I** a estas bases reguladoras, e deberán ir acompañadas da seguinte documentación:
- a) Copia do DNI, NIE ou NIF da entidade.
 - b) Documentación que acredite a capacidade da persoa que actúe como representante legal da entidade para actuar no seu nome e representación (certificados de nomeamento, apoderamentos, etc.).
 - c) Fotocopia da escritura de constitución, acta fundacional ou documento equivalente, no caso de persoas xurídicas e das entidades sen ánimo de lucro, da acreditación da inscrición no rexistro de entidades relixiosas, no caso das congregacións e entidades relixiosas, ou calquera outra documentación acreditativa da personalidade xurídica.
 - d) Declaración responsable e autorizacións segundo o modelo do **anexo II.**
 - Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - Declaración responsable de non ter sido excluído/a do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, sobre infraccións e sancións na orde social.
 - Declaración responsable de posuír a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.
 - Autorización ao Concello de Cambre para a obtención das certificacións de estar ao corrente nas súas

obrigas coa Administración Tributaria, coa Seguridade Social, coa Xunta de Galicia e para comprobar de oficio que estean ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais co Concello de Cambre (no caso de non conceder esta autorización, deberán aportar certificados de atoparse ao corrente nas súas obrigas coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, coa Seguridade Social, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e co Concello de Cambre).

- e) Certificado de situación no censo de actividades económicas da AEAT actualizado
- f) Declaración responsable comprensiva do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, no seu caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións segundo o modelo do **anexo III**.
- g) Certificado de conta bancaria ou documento acreditativo.

Os interesados poderán presentar xunto á solicitud o **Anexo IV** de aceptación da subvención.

Se a solicitud non reúne todos os requisitos ou documentación necesarios, o órgano competente requirirá ao/a interesado/a para que enmende as fallas ou acompañe os documentos preceptivos no prazo máximo e improrrogable de dez días, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistido da súa solicitud despois da resolución á que se refire o artigo 68.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Non será necesario acompañar a documentación recollida nos apartados a), b), c), e) e g) nos casos en que esta documentación figure xa en poder do Concello de Cambre, e non rexistrase cambios, por ter participado no programa de incentivos á contratación en proxectos de programacións anteriores “PROXEDIS II”, “PROXEDIS-PROWEB”, “PROXEDIS-PROWEB II”, “PROXEDIS-PROWEB III” ou “PROXEDIS-Cambre”.

Base 7ª: Autorizacións

- 7.1. A solicitud desta axuda comportará a autorización pola persoa interesada ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e para comprobar de oficio que estean ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais co Concello de Cambre, segundo o establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 7.2. Mediante a presentación da solicitud de subvención a persoa interesada dá autorización expresa ao Concello de Cambre para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos á axuda recibida. De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender a solicitud. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos poden exercerse usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do Concello de Cambre.

Base 8ª. Competencia, resolución e recursos

O órgano competente para resolver sobre a concesión ou denegación destas axudas será o alcalde, ou concelleiro/a en quen delegue, a proposta do/a concelleiro/a responsable, unha vez recibidas as propostas definitivas dos servizos técnicos da Axencia de Desenvolvemento Local, previa comprobación da documentación xustificativa presentada que acompaña á solicitud e do cumprimento polas entidades beneficiarias dos requisitos establecidos nas bases, e logo da súa fiscalización pola Intervención Municipal.

- 8.1. As resolucións de concesión ou denegación serán sempre motivadas.

- 8.2. O prazo para resolver e notificar a resolución será de 1 mes, que se computará dende a data de finalización do prazo de presentación da solicitude na sede electrónica do Concello de Cambre para a súa tramitación. Transcorrido o dito prazo sen que se dite resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei de subvencións de Galicia.
- 8.3. Notificada a resolución polo órgano competente, as entidades propostas disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación de conformidade, mediante a presentación da solicitude asinada de aceptación **Anexo IV**. Transcorrido este prazo, sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada. O dito anexo poderá presentarse xunto coa solicitude.
- 8.4. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Base 9ª. Procedemento de concesión, instrución e tramitación

- 9.1. O procedemento de concesión das axudas presentadas ao amparo desta convocatoria axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo que non ten a consideración de concorrencia competitiva, dado que, de acordo coa finalidade e o obxecto do programa, non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión da axuda realizarase pola comprobación da concorrencia nas entidades e empresas e nos empregadores dos requisitos establecidos, por orde de entrada no rexistro e expediente completo, ata o esgotamento do crédito orzamentario.
- 9.2. A instrución do procedemento levarase a cabo polos servizos técnicos da Axencia de Desenvolvemento Local, que realizará as actuacións necesarias para determinar o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución. Se resultase que a documentación está incompleta ou é defectuosa, requiriráselle ao solicitante para que no prazo de dez días a partir do día seguinte á data de notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude.
- 9.3. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o **Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal**, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións, mediante un correo electrónico dirixido á conta de correo que conste na solicitude para os efectos de notificación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación por medios electrónicos entenderase rexeitada cando transcorran dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
- 9.4. As axudas previstas nestas bases están amparadas no réxime de axuda de minimis, nos termos establecidos no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L 352, de 24 de decembro de 2013).

Base 10ª. Modificación da resolución de concesión

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos e privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión e, eventualmente, á súa revogación.

Base 11ª. Xustificación e pagamento

11.1. Concedidas e notificadas as axudas, estas faranse efectivas nun pagamento único, rematado o período de contratación estipulado, unha vez que se xustifique a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión, condicionado á acreditación nun prazo máximo de **1 mes dende o remate da contratación subvencionada** por parte da entidade ou empresa beneficiaria. O pagamento das subvencións quedará condicionado á presentación, a través de Sede electrónica, da documentación xustificativa para o mesmo no prazo anteriormente indicado, mediante a remisión da seguinte documentación:

- a) Xustificación, declaración de cumprimento das bases da convocatoria e solicitude de pagamento segundo o modelo do **anexo V**.
- b) Declaración complementaria da presentada coa solicitude, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, no seu caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o **modelo do anexo III**.
- c) **Copia dos contratos de traballo**, debidamente comunicados ao Servizo Público de Emprego, das persoas desempregadas obxecto de subvención, que tiveran participado no proxecto de Obradoiro de Emprego **"PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II" 2024/2025, que formalizados, con carácter xeral, entre os días 1 ao 15 de setembro de 2025**. Agás que por causas de forza maior a finalización do obradoiro de emprego se retrasarse ou por feitos motivados se virá modificado o prazo. Nese caso os contratos deberán estar formalizados, con carácter xeral, nos quince días seguintes a partir da nova data.
- d) **Informe de vida laboral do código da conta de cotización** específica da empresa ou entidade na que se fixo a contratación, comprensiva do período de duración da contratación.

11.2. Excepcionalmente, e por causas debidamente xustificadas, o órgano concedente poderá outorgar unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación que non exceda da metade deste. O acordo de ampliación deberá ser notificado ás persoas ou entidades beneficiarias.

11.3. Non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto a entidade beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou teña pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou co Concello de Cambre ou sexa debedora en virtude de resolución firme declarativa de orixe de reintegro.

11.4. Logo da resolución de concesión, a alcaldesa, a proposta do concelleiro/a delegado/a competente, aprobará o recoñecemento de obrigas correspondentes ás subvencións concedidas, e ordenará o pagamento da axuda. O abono levarase a cabo nun único pago, e mediante transferencia bancaria á conta de titularidade da entidade ou empresa beneficiaria sinalada.

Base 12ª. Obrigas das entidades beneficiarias

12.1. Incorporar á/ás persoa/as contratada/as nun posto de traballo directamente relacionado coa formación recibida no obradoiro dual de emprego **"PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II" 2024/2025** (*"atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais"* ou *"promoción e intervención socioeducativa con persoas con discapacidade"*).

- 12.2. Realizar a actividade que fundamente a concesión da subvención durante o tempo mínimo establecido nestas bases, mantendo no seu cadro de persoal á persoa contratada polo período obxecto de subvención (mínimo 3 meses de alta en Seguridade Social) a xornada completa.
- No caso de extinción do contrato de traballo temporal polas causas previstas na normativa laboral vixente con anterioridade á finalización do período esixible, a empresa deberá comunicar esta circunstancia ao Concello de Cambre, **no prazo de sete días naturais** dende que se produza, para promover o seu relevo en iguais condicións, ofertando a cobertura do posto de traballo vacante a outras persoas participantes no obradoiro, que non foran contratadas previamente.
 - Nestes casos, a cobertura do posto por un/unha novo/a traballador/a, deberá terse producido ou producirse dentro dos trinta días naturais seguintes ao cesamento, e por un período de tempo equivalente ao que restase ou reste para o remate do período estipulado inicialmente.
 - En caso contrario, a entidade beneficiaria non poderá percibir a axuda ou procederá ao seu reintegro. A nova persoa contratada deberá ter participado no proxecto de Obradoiro de *Emprego "PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II" 2024/2025*.
 - No caso de que o Concello de Cambre non subministrara ningunha persoa candidata para ocupar o posto de traballo vacante, o importe a percibir de subvención será proporcional ao tempo efectivo da contratación.
 - De ser o caso, a empresa ou entidade beneficiaria disporá dun prazo de sete días naturais, que contarán dende o remate do prazo que ten para a nova contratación, para comunicarlle ao Concello de Cambre esta nova contratación, acreditando:
 - O contrato de traballo da persoa contratada inicialmente inscrito na correspondente Oficina de Emprego do Servizo Público de Emprego e declaración responsable da causa da extinción contractual.
 - Baixa da persoa contratada inicialmente.
 - Alta da nova persoa traballadora no réxime xeral da Seguridade Social.
 - Contrato de traballo da nova persoa traballadora comunicado ao Servizo Público de Emprego.
- 12.3. Xustificar ante o Concello de Cambre o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade, aportar a documentación requirida, e someterse ás actuacións de comprobación que poida efectuar o Concello de Cambre. Particularmente, no caso de ser así establecido na resolución de concesión, aportar copia dos contratos de traballo obxecto de subvención, no prazo estipulado na antedita resolución de concesión.
- 12.4. Comunicar ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para o mesmo concepto que se subvenciona con este programa.
- 12.5. Estar ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma, con anterioridade a se ditar a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.
- 12.6. Conservar os documentos xustificativos relativos á axuda, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- 12.7. As contratacións polas que se solicita subvención deberán formalizarse e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida, axustarse ao disposto nas bases segunda e terceira desta convocatoria, e realizarse na categoría profesional correspondente en virtude da normativa laboral aplicable.

- 12.8. Adoptar as medidas adecuadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas polo Concello de Cambre de conformidade co establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 31 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Para facilitar o cumprimento desta obriga o Concello de Cambre facilitará o modelo de cartel a colocar no lugar de traballo.
- 12.9. Todas as comunicacións e aportacións de documentación derivadas deste procedemento, deberán realizarse a través da Sede Electrónica.

Base 13ª. Perda do dereito ao cobro da subvención e reintegro

- 13.1. Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora correspondentes dende o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a orixe do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 13.2. As obrigas de reintegro establecidas nesta orde entenderanse sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, que aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.
- 13.3. Entenderase que se produce un incumprimento parcial e, por tanto, procederá o reintegro parcial dos incentivos cando a persoa traballadora subvencionada cese na súa relación laboral antes de que transcorra o período mínimo de subvención e a entidade non proceda a substituíla.

Base 14ª. Devolución voluntaria da subvención

- 14.1. De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta do Concello de Cambre, en concepto de devolución voluntaria da subvención.
- 14.2. En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, na que conste a data do ingreso, o seu importe, o número do expediente e denominación da subvención concedida.

Base 15ª: Seguimento e control

Os/as solicitantes da axuda, no suposto de teren a condición de beneficiarios/as e para os efectos das actuacións de control das obrigas asumidas, estarán sometidos ao control, comprobación e inspección do Concello de Cambre, que comportará a realización de todas as actuacións que se consideren oportunas para acreditar o cumprimento dos requisitos da axuda e, nomeadamente, para cumprir cos requisitos establecidos na base décimo segunda, así como para a avaliación deste programa. Ademais facilitaranlle á Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Base 16ª: Incorporación ao Rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da axuda concedida e a identificación da persoa beneficiaria, serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

SOLICITUDE (ANEXO I)

INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN “PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II”

ENTIDADE SOLICITANTE

Razón social				C.I.F.	
Apelidos e nome				D.N.I./N.I.E	
Enderezo					
C.P.	Localidade		Provincia		
Teléfono	Correo electrónico				
Actividade principal (descripción)				CNAE	
Outras actividades				CNAEs	

☐ Empresa individual	☐ Sociedade civil / comunidade de bens	☐ Outras sociedades (S.L., S.A.)	☐ Cooperativa / sociedade laboral
☐ Asociación	☐ Fundación	☐ Congregacións e institucións relixiosas	☐ Outras

DATOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL

Apelidos e nome		D.N.I./N.I.E	
-----------------	--	--------------	--

ENDEREZO ELÉCTRÓNICO HABILITADO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS

Enderezo electrónico habilitado a efectos de notificacións	
--	--

DATOS DO CENTRO NO QUE SE REALIZARÁN A/AS CONTRATACIÓN/S

Enderezo do cento 1				
C.P.	Localidade		Provincia	
Teléfono	Correo electrónico			
Enderezo do cento 2				
C.P.	Localidade		Provincia	
Teléfono	Correo electrónico			

DATOS DAS CONTRATACIÓNS A REALIZAR (máximo 5 contratos en total por entidade)

Número

Especialidade: Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais. Nº contratos que se compromete a realizar:	
Especialidade: Promoción e intervención socioeducativa con persoas con discapacidade. Nº contratos que se compromete a realizar:	
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos ao compromisos de contratacións temporal a realizar e duración mínima das contratacións (3 meses)	

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

☐ Copia do DNI, NIE ou NIF da entidade	☐ Obra no expediente municipal Incentivos á contratación
☐ Documentación que acredite a capacidade da persoa que actúe como representante legal da entidade para actuar no seu nome e representación	☐ Obra no expediente municipal Incentivos á contratación
☐ Fotocopia da escritura de constitución, acta fundacional ou documento equivalente, no caso de persoas xurídicas e das entidades sen ánimo de lucro ou da acreditación da inscrición no rexistro de entidades relixiosas, no caso das congregacións e entidades relixiosas ou calquera outra documentación acreditativa da personalidade xurídica	☐ Obra no expediente municipal Incentivos á contratación
☐ Declaración responsable e autorizacións (Anexo II)	
☐ Declaración responsable comprensiva das axudas solicitadas, aprobadas, concedidas ou pendentes de resolución (Anexo III)	
☐ Certificado de conta bancaria	☐ Obra no expediente municipal Incentivos á contratación
☐ Aceptación da subvención (Anexo IV)	
☐ Outra documentación (especificar)	

Sr alcalde do Concello de Cambre

Quen subscribe, e despois de coñecer e aceptar as Bases da Convocatoria de axudas a través de Incentivos á Contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro de emprego dual "PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II 2024/2025 do Concello de Cambre, **SOLICITA** a concesión da/s correspondente/s axuda/as para á contratación, de acordo co especificado nas bases desta Convocatoria, e declara que son certos todos os datos do presente documento.

Cambre, ____ de _____ de 202__

Asdo, :

De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do Concello de Cambre.

SOLICITUDE (ANEXO I Reverso)
INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN "PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II"

POLÍTICA DE PRIVACIDADE

O Concello de Cambre, en cumprimento do deber de informar establecido en la Ley 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía dos Dereitos Dixitais (en diante LOPDGGDD) en concordancia co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (en diante RGPD) e demais normativa concordante sobre a materia, infórmalle:

- Que os datos que vostede achega nos formularios presentados ao Concello de Cambre para a xestión das subvencións a través de incentivos á contratación temporal por conta allea dos alumnos/as traballadores/as do Obradoiro Dual de Emprego "PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II" serán utilizados exclusivamente para as xestións necesarias para a tramitación das devanditas subvencións.
- Para poder proporcionarlle devandito servizo é imprescindible o traslado dos seus datos persoais á Xunta de Galicia ou a outras Administracións públicas en cumprimento de obrigacións legais de información, de acordo coa normativa vixente
- Os datos serán almacenados durante o tempo necesario para poder cumprir coas obrigacións legais que encomenda a normativa administrativa, e sempre, cumprindo polo menos co tempo mínimo de conservación da información. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación.
- O responsable dos datos o Concello de Cambre, con dirección na rúa Adro nº1 15660 Cambre, teléfono 981 613128 e correo electrónico alcaldía@cambre.org
- A persoa interesada terá dereito a acceder aos seus datos persoais así como a solicitar a rectificación dos datos persoais conciernan ou, no seu caso, solicitar a supresión cando os datos xa non sexan necesarios en relación coa finalidade para os que foron recollidos. Poderá, así mesmo, retirar o seu consentimento, sen prexuízo de que esta administración poida negarse a suprimir os datos, entre outros motivos, por finalidade de arquivo e interese público.
- Así mesmo as persoas interesadas teñen dereito, en determinadas circunstancias, a solicitar a limitación do tratamento dos seus datos; nese caso devanditos datos só poderán ser obxecto de tratamento, con excepción da súa conservación, co consentimento da persoa interesada ou para a formulación, o exercicio ou a defensa de reclamacións ou con vistas á protección dos dereitos doutra persoa física ou xurídica ou por razóns de interese público. (Puiden solicitar a limitación do tratamento dos datos nas circunstancias indicadas no artigo 18 do RGPD).

- Pode exercitar os seus dereitos relativos á Protección de Datos mediante escrito dirixido a este Concello, presentado necesariamente por vía electrónica no Rexistro Municipal.
- Poderá presentar reclamación ante a Autoridade de Control en materia de Protección de Datos competente, especialmente cando non obteña satisfacción no exercicio dos seus dereitos, mediante escrito dirixido á Axencia Española de Protección de Datos, C/Jorge Juan núm. 6, 28001 Madrid ou accedendo á súa sede electrónica: sedeagpd.gob.es/sede-electronica-web/

Ao asinar este documento confirma a toma de coñecemento e a aceptación das condicións sinaladas

Cambre, de de 202
Asdo:

DECLARACIÓN RESPONSABLE (ANEXO II)

INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN “PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II”

ENTIDADE SOLICITANTE

Don / dona con D.N.I./N.I.E.

En nome e representación de

Razón social con C.I.F.

DECLARA RESPONSABLEMENTE

- ☐ Que non está incurso en ningunha das incompatibilidades sinaladas na base terceira desta convocatoria
- ☐ Que non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no punto 2 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- ☐ Que non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no punto 2 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- ☐ Que non foi excluída do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, sobre infraccións e sancións na orde social.
- ☐ Que posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa necesarias para cumprir as condicións da

axuda.

- ☐ Que cumpre as condicións para ser beneficiaria de acordo co establecido na base terceira da convocatoria.
- ☐ Que todos os datos que constan na solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.
- ☐ A presentación da presente solicitude comporta a autorización ao Concello de Cambre para a obtención das certificacións de estar ao corrente nas obrigas establecidas nas bases sexta e décimo segunda do programa, que deben emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Xeral da Seguridade Social, á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e para comprobar de oficio que estean ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais co Concello de Cambre.
- ☐ A presentación da presente solicitude comporta a autorización ao Concello de Cambre, no suposto de ter a condición de beneficiario/a da subvención, para realizar as actuacións de comprobación e seguimento necesarias para comprobar o cumprimento da finalidade dos incentivos á contratación do alumnado traballador do obradoiro de emprego "PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II" 2024/2025.

Evidentemente isto é así, é lóxico que na documentación orzamentaria en vigor non exista referencia algunha a estes tres postos do subgrupo A1 que nestes momentos preténdense crear nin á amortización de outros tres, como pode ocorrer con calquera outro proceso de modificación ou revisión dunha RPT cuxo resultado económico final poida que non estea previsto nos orzamentos vixentes, pero tal aprobación inicial desta modificación da

RPT que non xera incremento do número de postos de traballo, se iso se producise, provocaría e esixiría realizar as correspondentes transferencias ou modificacións orzamentarias que se precisen para que se poida cumprir precisamente co artigo 38-3 da Lei 2/2015 citado antes o simultaneamente á aprobación definitiva desta modificación da RPT, do mesmo xeito que esixiría realizar as correspondentes modificacións no cadro de persoal que evidentemente tampouco estaría axustado á modificación da RPT que se tramita, tal e como ocorreu coa recente modificación da RPT aprobada en sesión plenaria con data do 28 de novembro de 2024 (BOP número 23 do 4 de febreiro de 2025) que provoca a transformación de tres postos de traballo noutros que evidentemente non estaban previstos no documento orzamentario.(...)"

4. Proposta da concelleira delegada da area de servizos sociais e recursos humanos asinada o 14.02.2025 (CDV: sc2YLI3yEi9/PHCqQIB2):

"(...) 1º.-) Levantar o reparo suspensivo formulado no informe de fiscalización da interventora municipal do 30 de xaneiro do 2025 relativo á modificación da Relación de Postos de Traballo segundo o detallado no informe de discrepancia ao reparo suspensivo emitido pola xefatura da Area de Urbanismo e Réxime Interior en data 14 de febreiro do 2025.(...)"

5. Expediente tedec número 2025/G006/000008 "Proposta de orzamento do exercicio 2025 do Concello de Cambre", delegado á interventora que subscribe o 14.02.2025

6. Nota informativa de secretaría núm. 12/2015 asinada o 17.02.2025 (CVD: AfZk6cYdsvFWLMTVHXMJ):

"(...) Non ten constancia esta secretaría de ningunha proposta de modificación orzamentaria nin relativa a modificación de cadro de persoal, que (para o caso de que sexa outro o criterio da corporación verbo do sostido pola que subscribe) entendo debería ser simultánea á modificación da Relación de postos de traballo.(...)"

LEXISLACION APLICABLE

- Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria
- Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 (BOE núm. 308 de 24.12.2022), dado que á data de sinatura é a última lei de orzamentos aprobada.
- RDL 2/2004, de 5 de marzo (TRLRFL).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas
- Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local así como o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril que contén unha regulación básica en materia de persoal o servizo da Administración local
- Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por RDL 5/2015, de 30 de outubro; texto normativo sobre o que se regula o concepto de empregado público e serve de base para os demais textos autonómicos.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia e a Lei 5/1997, de 22 de xuño, da Administración Local de Galicia que conteñen a regulación propia da administración local galega.
- Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local.
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local
- Real Decreto 424/2017, 28 de abril que regula o exercicio da función interventora nas entidades locais.
- Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional
- Orzamento do Concello de Cambre para o exercicio 2024, prorrogado ao exercicio 2025 por resolución de alcaldía número 1597/2024, de 30 de decembro.

De conformidade cós antecedentes expostos emito a seguinte DILIXENCIA

No orzamento do exercicio 2024 prorrogado para o exercicio 2025 **non constan** consignados os créditos correspondentes aos postos cuxa creación propón a concelleira delegada da area de servizos sociais e recursos humanos na proposta asinada o 14.02.2025 (CDV: sc2YLI3yEi9/PHCqQIB2).

Asemade, **non teño constancia** da tramitación das oportunas modificacións orzamentarias que permitan dar cumprimento ao artigo 38.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.

Tendo en conta que o 14.02.2025 delegóuseme o expediente tedec número 2025/G006/000008 “*Proposta de orzamento do exercicio 2025 do Concello de Cambre*” e revisado o anexo de persoal asinado pola alcaldía o 13.02.2025 (CVD: nx/G4Vi18aFvJ4TEWzga) así como o informe-proposta de cadro de persoal do ano 2025 asinado polo xefe da Area de Urbanismo e Réxime Interior o 13.02.2025 (CVD: 3tOKcc5hbXkJVEt/GQWA) resulta que nos citados documentos **tampoco constan** consignados os créditos para asumir os custos dos postos cuxa creación propón a concelleira delegada da area de servizos sociais e recursos humanos.

En consecuencia, **NON** está solventado o reparo emitido por esta intervención ao abeiro do artigo 216.2.a) do TRFL no informe referencia LMR MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO /2025 asinado o 30.01.2025 (CVD: FJDiwGdWJ9Boo8CMuTqb).

Advirto por escrito que de conformidade cós artigos 173.5 do TRLFL e 25.2 do RD 500/1990 os acordos polos que se adopten gastos sin cobertura orzamentaria son nulos de pleno dereito.

*“No podrán adquirirse compromisos de gastos por cuantía superior al importe de los créditos autorizados en los estados de gastos, siendo **nulos de pleno derecho** los acuerdos, resoluciones y actos administrativos que infrinjan la expresada norma, sin perjuicio de las responsabilidades a que haya lugar”*

E para que conste e surta os efectos oportunos, expido e asino a presente dilixencia en Cambre na data que figura na marxe.»

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra á Sra. Díaz Baldomir, quen explica a proposta.

Intervenien o concelleiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, a concelleira do BNG, Sra. Prieto Miramontes, a concelleira de UxC, Sra. Díaz Baldomir, e a alcaldesa, Sra. Pan Lesta.

(Cando son as once horas e corenta e seis minutos, durante a primeira intervención da concelleira do BNG, auséntase do salón de sesións a concelleira Sra. Parcerio Quiñoy, que se reincorpora á sesión ás once horas e corenta e nove minutos, durante a segunda intervención do concelleiro do PP)

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais e Recursos Humanos de data 14 de febreiro de 2025, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Nove (9), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Votos en contra: Once (11), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela

Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceró Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Louro López.

Abstencións: Unha (1), da Sra. Lauda Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase non aprobada a proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais e Recursos Humanos de data 14 de febreiro de 2025 (CVD: sc2YLI3yEi9/PHCqQIB2).

2.5. MOCIÓNS URXENTES EN ASUNTOS DE COMPETENCIA DE PLENO SEGUNDO O ARTIGO 22 DA LEI 7/1985, QUE NON FIGUREN NA ORDE DO DÍA

Acceso á videoacta – 00:59:24 horas

A Sra. presidenta intervéen e manifesta que hai unha moción do grupo municipal do Partido Popular, de proposta de creación dunha comisión técnica para a elaboración da relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Cambre que non se vai tratar por considerar que non é competencia de pleno.

(Cando son as doce horas e seis minutos, auséntase do salón de sesións o concelleiro Sr. Carballada Rodríguez)

Solicita o uso da palabra a Sra. secretaria para asesorar á Corporación.

A Sra. alcaldesa di que non, que acaba de explicar os motivos polos que considera que esta moción non vai ser debatida; que é porque non é competencia do pleno, e que ao non ser debatida que non hai debate. Di que pasan ao seguinte punto.

O concelleiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, solicita intervir por cuestión de orde e di que por cuestión de orde ten dereito a expresarse; que por cuestión de orde cre imprescindible que a Sra. secretaria, tal e como solicitou, explique o que teña que aclarar; que lle gustaría se é posible, por favor, que lle deixe a el facer algunha puntualización a ese respecto, xa que cre que sería democrático e de agradecemento por parte da alcaldesa que lles deixara tamén dar a súa versión.

A Sra. alcaldesa manifesta que segue dicindo que non vai dar a palabra á Sra. secretaria; que a secretaria xa expresou no informe no que pasa os asuntos para elaborar o pleno que ela si entende que isto é competencia de pleno; que están nun momento no que é verdade que a secretaria municipal di que isto é competencia do pleno, e que ela considera que non o é. Di que van pasar ao segundo punto.

A concelleira do BNG, Sra. Prieto Miramontes, solicita o uso da palabra e unha vez concedido manifesta que, por unha cuestión de orde, cre que a maior parte, a maioría desta Corporación, solicita que, aínda que a Sra. secretaria se manifestase, se pide a palabra, tanto ela como a interventora, nun acto plenario, que cren que non se debe de secuestrar a súa palabra, que se lle debe de dar liberdade para que lles manifeste, aquí no pleno, e que non só a eles, senón a toda a poboación que teña interese niso.

A Sra. alcaldesa di que é ela a que dirixe este pleno, e que mentres ela dirixa este pleno, por agora non vai dar a palabra nin a secretaria municipal. Di que tiveron comisións informativas, que non pediron esas explicacións.

Di que non van entrar en máis discusións, que non é competencia do pleno, e que van pasar ao seguinte punto.

(Cando son as doce horas e oito minutos reincorpórase reincorpora á sesión o concelleiro Sr. Carballada Rodríguez)

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

Acceso á videoacta – 01:08:21 horas

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

3.2. MOCIÓNS DOS GRUPOS MUNICIPAIS

Acceso á videoacta – 01:08:24 horas

A) A Sra. presidenta intervéñe e manifesta que hai unha moción do grupo municipal do Partido Popular que acaba de ser entregada ao comezo da sesión.

Cando son as doce horas e nove minutos a Presidencia concede un receso de 10 minutos para estudar a moción presentada, polo que se suspende a gravación (**Acceso á videoacta 01:08:44 horas**).

Cando son as doce horas e vinte e sete minutos reanúdase a sesión e a súa gravación (**Acceso á videoacta 01:08:45 horas**).

A Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Vázquez Pérez, quen di que xustifica a urxencia da moción na grave situación que se ten producido nos últimos días, semanas e meses con respecto a como se ten denigrado a situación, a imaxe do concello, dos seus traballadores, dos seus funcionarios; di que cren necesario que este Pleno, este concello, que a alcaldesa, se pronuncien respecto de todos os ataques que recibiu esta institución e os funcionarios que traballan para ela; e di que cren necesario presentar esta moción a este respecto.

De seguido a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia do asunto, que é aprobada por unanimidade.

A continuación, a Presidencia somete a debate e consideración a moción do grupo municipal do PP, de loita contra a desinformación e defensa dos funcionarios e funcionarias que prestan servizo no Concello de Cambre e do prestixio reputacional desta institución, que transcrita di:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A desinformación consitúe unha das maiores preocupacións dos países democráticos. Detrás das noticias falsas ou *fake news* artículanse, en numerosas ocasións, estratexias para manipular a opinión pública e erosionar a estabilidade dos Estados e das súas institucións.

Os bulos e a desinformación representan desde hai tempo unha ameaza global para a liberdade e para a democracia. Con todo, é na actualidade, dada a velocidade de propagación das campañas debido aos medios dixitais, cando áis perentorio resulta poñer freo a esta situación.

En 2020, a Comisión Europea adoptou un «Plan de Acción para a Democracia Europea», co obxectivo de reforzar a resiliencia das democracias, abordando os ámbitos considerados máis vulnerables. Os tres obxectivos desa estratexia correspondíanse coa promoción de eleccións libres e xustas, o reforzo da liberdade dos medios de comunicación e a loita contra a desinformación.

Recentemente, o 13 de febreiro de 2025, a Comisión e o Comité Europeo de Servizos Dixitais aprobaron a integración do Código de Boas Prácticas en materia de Desinformación de 2022 como Código de Conduta en materia de Desinformación no marco da Lei de servizos dixitais.

Neste marco europeo de loita contra a desinformación e reforzamento da democracia, o Goberno de España vén de aprobar o Plan de Acción pola Democracia que ten como obxectivo *“Facilitar a tarefa da cidadanía á hora de avaliar a acción dos poderes públicos, dotando á nosa democracia de máis transparencia e rendición de contas en tres ámbitos clave: o poder executivo, os medios de comunicación e o poder lexislativo”*. Para isto, o Plan considera imprescindible adoptar medidas para aprobar unha Estratexia Nacional de loita contra as campañas de desinformación. Recentemente, o 28 de xaneiro de 2025, o Consello de Seguridade Nacional aprobou o Acordo de elaboración da Estratexia nacional contra as campañas de desinformación.

Cambre tamén sofre esta lacra de desinformación e manipulación.

Dende que a **secretaría e a interventora** municipais comezaron a prestar servizo neste concello, iniciouse contra elas unha dura campaña que foi inmediatamente seguida, como non, polas redes sociais, un bo caldo de cultivo para que, dende a covardía, se xere todo tipo de odios infundados.

Así, a través dunha conta de facebook difúndese todo tipo de información interna do concello e achácanse todos os seus males ao labor destas dúas funcionarias. Son numerosos os perfís (anónimos e non anónimos) que entran a valorar a información que se publica e, así, a bola de odio e acoso vai aumentando e semella non atopar fin. E para máis inri, todo isto aliñado con intolerables tintes machistas.

Mantense nesta moción o anonimato dos perfís aos que se fai referencia pois, coa súa publicidade, estaríamos participando dunha actividade que ben pode constituír un ilícito penal. Non obstante, á vista da creatividade da que fixeron gala a alcaldesa e as concelleiras do equipo de goberno no Entroido pequeno de Cambre celebrado o pasado 8 de marzo e da que se fixo eco, case en directo, a citada conta de facebook, ben pode afirmarse que moitos e moitas dos aquí presentes coñecemos ben de que estamos a falar.

En calquera caso, para o coñecemento -confidencial- de quen proceda, achégase escrito coa relación dos perfís aos que nos referimos.

Sen dúbida, o que acontece nas redes sociais é unha boa mostra de como a desinformación e a manipulación converteron a estas dúas funcionarias, que deberan ser anónimas, no centro dos ataques, por unha xestión que non lles corresponde e da que non son responsables.

O respecto á función pública debera ser unha liña vermella que nunca se debera atravesar. A lei prevé mecanismos para sancionar, no seu caso, a mala praxis dos empregados públicos. Convertelos nun branco fácil a base de desinformación e manipulación NUNCA debe ser unha opción.

Non obstante, a campaña de desinformación, odio e acoso contra estas dúas funcionarias, lonxe de parar, increméntase e, case a diario, aténtase contra a súa integridade moral.

A este respecto, a integridade moral dos traballadores é un dereito susceptible de ampara constitucional (artigo 15 da Constitución Española). En palabras do Tribunal Constitucional:

«Para valorar si la administración ha vulnerado el derecho fundamental a la integridad moral de un empleado público (art. 15 CE), hay que determinar, atendiendo a las circunstancias del caso, si la conducta enjuiciada es deliberada o, a menos, está adecuadamente conectada al resultado lesivo (elemento intención); si ha causado a la víctima un padecimiento físico, psíquico o moral o, al menos, encerraba la potencialidad de hacerlo (elemento menoscabo) y si

respondión al fin de vejar, humillar o envilecer o era objetivamente idónea para producir o produxo efectivamente ese resultado (elemento vejación). Falando este último elemento, no habrá trato “degradante”, pero solo podrá descartarse la vulneración del art. 15 CE si la conducta enjuiciada halla cobertura legal (legalidad), responde a un fin constitucionalmente legítimo (adecuación), constituye la alternativa menos restrictiva (necesidad) y produce más beneficios sobre otros bienes o valores que perjuicios en el derecho fundamental a la integridad moral (proporcionalidad en sentido estricto)” (FJ 5). No obstante, también la STC 56/2019 incidía en precisar que “[a] este Tribunal no le corresponde elaborar un concepto de ‘acoso laboral’.

Debe solo interpretar, en su proyección sobre las relaciones laborales o funcionariales, el concepto constitucional de ‘trato degradante’ y el más amplio de lesión de la ‘integridad moral’ (art. 15 CE).

Ciertamente, desde la perspectiva de la protección debida al trabajador hostigado, tales conceptos constitucionales representan un mínimo insoslayable para el legislador que establece –y para el órgano judicial que interpreta y aplica– un concepto normativo de ‘acoso laboral’. Ahora bien, el concepto de “acoso laboral” que establezca la legalidad ordinaria bien puede ser más amplio que los de ‘trato degradante’ y lesión de la ‘integridad moral’ (p. ej., si el legislador penal quiere castigar más severamente determinados comportamientos hostigadores)” (FJ 5).

También es preciso recordar, en relación con el control judicial a desarrollar bajo la invocación de haber sufrido acoso laboral, con la lesión que ello implica del art. 15 CE, que en tales casos, si bien puede quedar comprometido el derecho a la tutela judicial efectiva (art. 24.1 CE), en el sentido de que es preciso una motivación reforzada, dada la trascendencia de los valores y derechos fundamentales en liza en la que se exteriorice el nexo de coherencia entre la decisión adoptada, la norma que le sirve de fundamento y los fines perseguidos con la regulación del acoso laboral, esa eventual infracción del art. 24.1 CE quedaría subsumida en la del derecho sustantivo (STC 56/2019, FJ 3)” (fdto. Xco. 4º da Sentenza do Tribunal Constitucional, de 10 febreiro de 2025, Sala Primeira, Rec. 3672/2022).»

O concello, e calquera empregador, está obrigado a identificar e mitigar os factores que poidan afectar negativamente a saúde mental do seu persoal, e a establecer políticas claras e procedementos para previr o acoso, pois os riscos psicosociais son tamén riscos laborais, como o declarou recentemente a Inspección de Traballo.

Polo tanto, é obriga de calquera Administración protexer a saúde física e mental dos seus empregados públicos, especialmente fronte a actitudes delitivas que poidan sufrir no exercicio das súas funcións. **De forma concreta, o artigo 10 do Acordo regulador das condicións de traballo dos funcionarios públicos ao servizo do Concello de Cambre obriga ao concello a “prestar asistencia xurídica ao seu persoal nos supostos de conflitos xurídicos con terceiros como consecuencia da prestación dos seus servizos”.**

Como membros desta Corporación non podemos permanecer impasibles por máis tempo ante esta situación na que dende o anonimato das redes sociais, se denigra a dúas funcionarias polo exercicio das súas funcións, as de máis alto nivel e as reservadas por lei.

Ao mesmo tempo, e non menos importante, tamén a imaxe do Concello como institución resulta seriamente danada pois ás redes sociais chega todo tipo de información interna, creando apariencia de veracidade, que se emprega torticeiramente coa única finalidade de danar ás citadas funcionarias. Pero ese dano leva consigo, irremediabilmente e por se fora pouco, o desprestixio reputacional deste concello, provocando na cidadanía unha visión dun concello fallido, incapaz de xestionar os seus propios intereses, un concello “atado de pés e mans” que non atopa solución aos seus problemas. Non podemos permitir semellante dano a esta institución. Cambre debe ser un concello que ofrezca confianza á súa veciñanza a todo aquel que decida relacionarse con e en pro dunha mellora na calidade de vida dos seus habitantes. Non podemos permitir máis tempo o dano que se lle está causando a esta institución, cuxa imaxe se deteriora a base de bulos e desinformación por parte de quen, a xulgar polo contido e a información publicada, coñece de primeira man o que acontece dentro desta casa.

Por canto antecede, propóñense os seguintes

ACORDOS:

1º) Mostrar a repulsa desta Corporación contra a actuación daquelas e daqueles covardes que, amparándose no anonimato que lles proporcionan os perfís falsos nas redes sociais, alentan o ataque e atacan dereitos fundamentais de funcionarios que teñen como función controlar a legalidade da actuación municipal nos ámbitos xurídico e económico, ao tempo que danan a imaxe e o prestixio reputacional desta institución.

2º) Mostrar o apoio e a solidariedade desta Corporación cos funcionarios e funcionarias municipais fronte aos ataques e ao acoso continuo que padecen por determinados perfís falsos e anónimos das redes sociais.

3º) Publicar o texto íntegro desta moción nas redes sociais oficiais deste concello.”

Intervenien o concelleiro de UxC, Sr. Mallo Castro, o concelleiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío, a voceira do PP, Sra. Piñeiro Fernández, e a alcaldesa, Sra. Pan Lesta.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do PP do día de hoxe, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Catro (4), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez e Lamela Vázquez.

Votos en contra: Sete (7), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, Díaz Baldomir e Barrientos Morales.

Abstención: Dez (10), dos/as Sres./as: Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Louro López, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández..

Á vista do resultado da votación, declárase non aprobada a moción do PP de data 27 de marzo de 2025.

Acceso á videoacta – 01:30:53 horas

B) A continuación intervén a Sra. Presidenta e concede o uso da palabra ao Sr. Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, quen manifesta que dende o Bloque Nacionalista Galego traen, por circunstancias sobrevidas, de xeito oral, unha moción titulada “Moción do BNG para definir o máximo a indemnizar polo concello a corporativos en procesos xudiciais favorables aos seus intereses”. Di que dentro das cuestións que se traen para coñecemento deste pleno está a solicitude do anterior alcalde, don Óscar García Patiño, de que, con todo o dereito do mundo, ao seu ver, porque así o establece a lei, o concello sufragara en caso de sentenzas favorables, os gastos de defensa, de avogacía en que incurra por dous procesos xudiciais nos que está inmerso.

Di que eles, insisten, están total e absolutamente de acordo en que é un dereito que lle abriga, que lle corresponde, e que o que consideran lóxico e positivo, tanto para el como para o concello, é que se defina cal é ese importe máximo; que non están inventando nada, que hai anos cando unha funcionaria tivo un problema xudicial e se acolleu a este mesmo procedemento, xa a Secretaría municipal, xa a Intervención municipal, que estaban en mans doutras persoas dixeron que compría definir o que é o máximo indemnizable por proceso xudicial; di que como garantía, ao seu modo de ver, tanto para os corporativos usuarios desta prerrogativa, como para o propio concello; que é por iso que queren traer esta moción, que insiste que non vai contra ninguén, que ao contrario, que vai a favor de todos.

Di que a urxencia vén, como dicía, porque se vai dar conta despois desa solicitude do anterior alcalde, coa que eles están, insisten, e queren deixalo claro, a favor, e que consideran que o lóxico é, con carácter anterior, con carácter previo, definir unha contía máxima.

De seguido a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia do asunto, que é aprobada por unanimidade.

A continuación, a Presidencia somete a debate e consideración a moción do grupo municipal do BNG, para definir o máximo a indemnizar polo concello a corporativos en procesos xudiciais favorables aos seus intereses, que transcrita di:

“Non tendo definido a día de hoxe o Concello de Cambre o importe máximo susceptible de ser empregado para a legal, lexítima e procedente indemnización por gastos ocasionados no exercicio do cargo.

En atención a preservar os intereses tanto do propio concello como das persoas potencialmente usufrutuarias da dita prestación, faise necesario definir a contía para indemnizar aos corporativos nos custos dos procesos xudiciais nos que se poidan ver incursos e rematen con resultado favorable: absolución, arquivo ou sobreseimento.

Polo tanto, propoñemos ao Pleno da Corporación que, consultadas fontes solventes, fixar en 8000 € por proceso xudicial o importe máximo a indemnizar, incluídos gastos de procuradoría e avogacía.”

Interveñen a alcaldesa, Sra. Pan Lesta, e o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez.

A proposta da Sra. presidenta sométese a votación ordinaria deixar este asunto sobre a mesa, o que é aprobado por unanimidade.

4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

4.1. INFORMES DO EQUIPO DE GOBERNO

Acceso á videoacta – 01:36:59 horas

De orde da Presidencia, a Sra. secretaria xeral dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 216/2025, do 12 de marzo, cuxa parte dispositiva transcrita di:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica da área de Desenvolvemento Local, Patrimonio e Turismo a prol do terceiro tenente de alcaldesa, don Ramón Boga Moscoso, dende o día 16 ao 24 de marzo de 2025, ambos os dous incluídos, a partir da cal continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía mediante Resolución núm. 469/2024, do 12 de abril.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Do escrito presentado polo voceiro do grupo municipal do BNG, rexistrado de entrada ao núm. 202500000001570 o día 20 de marzo de 2025, respecto da adscrición de concelleiro e concelleiras ás comisións permanentes, que son os seguintes:

COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, ECONOMÍA, FACENDA, INNOVACIÓN TECNOLÓGICA E SEGURIDADE CIDADÁ

Titular	Suplente
Daniel Carballada Rodríguez Nieves Louro López	María Teresa Prieto Miramontes

COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, TRANSPORTES, MEDIO AMBIENTE, DESENVOLVEMENTO LOCAL, PATRIMONIO E TURISMO

Titular	Suplente
María Teresa Prieto Miramontes Nieves Louro López	Daniel Carballada Rodríguez

COMISIÓN INFORMATIVA DE SERVIZOS SOCIAIS, RECURSOS HUMANOS, CULTURA, DEPORTES E XUVENTUDE

Titular	Suplente
Daniel Carballada Rodríguez María Teresa Prieto Miramontes	Nieves Louro López

COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS

Titular	Suplente
Daniel Carballada Rodríguez Nieves Louro López	María Teresa Prieto Miramontes

COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE HONORES E DISTINCIÓNS

Titular	Suplente
Daniel Carballada Rodríguez Nieves Louro López	María Teresa Prieto Miramontes

COMISIÓN ESPECIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

Titular	Suplente
Daniel Carballada Rodríguez María Teresa Prieto Miramontes	Nieves Louro López

4.2. DACIÓN DE CONTA DO ESCRITO PRESENTADO POR DON ÓSCAR ALFONSO GARCÍA PATIÑO EN DATA 13 DE FEBREIRO DE 2025 (NÚM. REXISTRO 202599900000861)

Acceso á videoacta – 01:37:40 horas

Dáse conta do escrito presentado por don Óscar Alfonso García Patiño en data 13 de febreiro de 2025 (núm. rexistro 202599900000861), que, entre outras cousas, di:

“(…) **SOLICITO AO CONCELLO:** que tendo presentado este escrito, o admita, tome coñecemento do seu contido, e na súa virtude, teña xa agora constancia formal da vontade do dicente de reclamar desta Entidade Local todos os gastos de representación e defensa acometidos pola súa condición de investigado nos procedementos penais referidos, no momento en que adquira firmeza a resolución decretando o sobreseimento libre ou provisional e o arquivo das actuacións en cada un dos procedementos referidos.”

4.3. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ADOPTADOS POR DELEGACIÓN DA ALCALDÍA

Acceso á videoacta – 01:37:48 horas

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas, que comprenden un total de 122 resolucións numeradas da 156 á 277 do ano 2025, que se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
156/2025	24-02-2025	Convocar sesión ordinaria do Pleno municipal para o xoves 27 de febreiro de 2025, que terá lugar no salón de sesións da casa do concello, ás 11:00 horas
157/2025	25-02-2025	Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para adxudicar o contrato menor cuxo obxecto é a contratación dunha póliza de responsabilidade civil para o Concello de Cambre. Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor. Adxudicar o contrato menor á empresa MAPFRE ESPAÑA COMPAÑÍA DE SEGUROS E REASEGUROS S.A por importe de 12.900 euros (IVE 0%).
158/2025	25-02-2025	Comparecer no procedemento citado perante o Xulgado Contencioso-Administrativo número 4 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da excma. Deputación Provincial no recurso contencioso-administrativo procedemento ordinario nº 0000034/2025, interposto por JIG contra a resolución da tesoureira municipal do Concello de Cambre, desestimatoria dos recursos interpostos contra as providencias de prema 18/2024 e 19/2024
159/2025	26-02-2025	Delegar no concelleiro don Juan González Leirós a competencia para recibir o consentimento na celebración do matrimonio de MJLD e LGS
160/2025	26-02-2025	Aprobar a lista provisional de admitidos/excluídos para a elaboración de relación de candidatos para nomeamentos de técnicos de xestión de Administración Xeral interinos. Designar os membros do tribunal cualificador deste proceso selectivo e lugar, día e hora de celebración do exercicio da fase de oposición
161/2025	26-02-2025	Ordenar a LCT que pode as polas das árbores existentes na finca sita no lugar de Folgueira, s/n, Santa María de Vigo, que invaden a vía pública, afectando as infraestruturas eléctricas, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e o artigo 19 da ordenanza municipal de limpeza viaria

162/2025	26/02/2025	Cesar con data 28 de febreiro de 2025 ao funcionario interino ASS pola reincorporación da titular do posto a quen substituíra, EBD, de conformidade cos artigos 23.2 b) e 24.3.d) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
163/2025	27/02/2025	Autorizar EBD funcionaria de carreira do Concello de Cambre que ocupa o posto de enxeñeira técnico de obras públicas, escala Administración Especial, subescala técnica, clase técnicos medios, grupo A, subgrupo A2, nivel de complemento de destino 24, o desempeño en comisión de servizos do posto de xefe de unidade técnica de infraestruturas I, da zona centro na Coruña da Dirección de Portos de Galicia, desde o 3 de marzo de 2025 e durante o prazo máximo de un ano
164/2025	28-02-2025	Dar de alta na aplicación IDA-Padrón á administrativa interina VESO con acceso a todos os servizos (IDA-Web, IDA-Cifras, IDA-Consul)
165/2025	28-02-2025	Levantar o reparo suspensivo relacionado no informe de fiscalización da interventora municipal do 26 de febreiro de 2025 á proposta de nomeamento de GML no posto de traballo de axente da Policía Local do Concello de Cambre en réxime de comisión de servizos por un período dun (1) ano, tendo en conta o informe proposta de levantamento de reparos emitido polo Xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior do 26 de febreiro de 2025. Dispoñer que continúe o procedemento
166/2025	27/02/2025	Aprobar a nómina do mes de febreiro cun total retribucións brutas 342.012,90 euros
167/2025	28-02-2025	Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para designar aos integrantes da unidade técnica no procedemento referido nos antecedentes. Designar a BCP funcionaria de carreira deste concello, axente de desenvolvemento local, como integrante da unidade técnica designada no procedemento de contratación do servizo de produción do evento "Entroido Pequeno" a celebrar no Concello de Cambre
168/2025	28-02-2025	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 5 de marzo de 2025
169/2025	28-02-2025	Aprobar as despesas correspondentes ás achegas do concello pola Seguridade Social do mes de xaneiro de 2025, así coma tamén autorizar, dispor e recoñecer as obrigas e o seu pagamento cun importe total 87.727,16 € Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento, das cotas dos traballadores á Seguridade Social correspondentes ao mes de xaneiro de 2025 por importe de 21.480,31 euros
170/2025	28-02-2025	Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para acordar a prórroga do contrato baseado do servizo de seguro de danos materiais do Acordo marco para as entidades locais, organismos autónomos e entes dependentes, adheridos á central de contratación da Federación Española de Municipios e Provincias con rango superior a 10.000 habitantes Segundo: Prorrogar 1 ano máis o contrato baseado do servizo de seguro de danos materiais para entidades locais e entes
171/2025	28-02-2025	Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para prorrogar o lote 6 (Seguro para flotas de vehículos) do Acordo marco para a contratación de determinados contratos de seguros pola Central de Contratación da FEMP. Prorrogar por un período de 6 meses o lote 6 (Seguro para flotas de vehículos) do Acordo marco para a contratación de determinados contratos de seguros pola Central de Contratación da FEMP
172/2025	03-03-2025	Expedientes sancionadores de tráfico
173/2025	03-03-2025	Expedientes sancionadores de tráfico
174/2025	03-03-2025	Aprobar inicialmente o Proxecto de Urbanización da Modificación Puntual das Normas Subsidiarias do Planeamento de Cambre no ámbito de actuación da N-VI presentado pola Xunta de Compensación de dito ámbito

175/2025	03-03-2025	Impoñer a RAC unha nova multa coercitiva polo importe de 1.000 €, ao terse constatado o incumprimento parcial da resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras do día 13 de xaneiro de 2023, pola que se lle ordenou podar as polas que sobresaen ao camiño público da parcela sita na Rocha, Anceis
176/2025	03-03-2025	Conceder a licenza municipal para a apertura dunha cala de 1 m ² fronte ao edificio do Paseo Marítimo, parroquia do Temple, para o mantemento e subministración de gas canalizado. Solicitante: GNR, GLP, SA
177/2025	03-03-2025	Nomear a GML policía local en comisión de servizos por un ano
178/2025	05-03-2025	Inadmitir a solicitude de devolución de ingresos indebidos presentada por JAAF por falta de lexitimación ao non figurar como pagador do ingreso cuxa devolución se solicita
179/2025	05-03-2025	Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento de 551.596,93 euros a favor do Consorcio das Mariñas, pola taxa de recollida do lixo do terceiro trimestre de 2024
180/2025	05-03-2025	Aprobar o expediente de xeración de crédito número 3/2024 por importe de 49.108,35 euros
181/2025	06-03-2025	Expedientes sancionadores de tráfico
182/2025	06-03-2025	Conceder a prolongación da permanencia no servizo activo do funcionario EMC, xefe da Area de Urbanismo e Réxime Interior do Concello de Cambre, durante o prazo dun ano a partir do día 30 de maio de 2025, de conformidade cos artigos 68 da Lei 2/2015 de 29 de abril, do emprego público de Galicia, e 67 do Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público
183/2025	06-03-2025	Aceptar a renuncia voluntaria de PVV á súa condición de funcionaria interina neste Concello, con efectos do 07 de marzo de 2025, de conformidade cos artigos 64 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, e 65 da Lei 2/2015 do Emprego público de Galicia
184/2025	06-03-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: ABR
185/2025	06-03-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 16/07/2024, xa que segundo o disposto no artigo 6, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: ND'A
186/2025	06-03-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 08/07/2024, xa que segundo o disposto no artigo 6, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: CST
187/2025	06-03-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 20/06/2024, xa que segundo o disposto no artigo 22.1, non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2, o saldo medio de aforro bancario supera o máximo establecido pola ordenanza. Solicitante: MRF
188/2025	06-03-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: MdelMRM
189/2025	06-03-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe

		de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: MJME
190/2025	06-03-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: JLBM
191/2025	06-03-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: MLdeJPdeO
192/2025	06-03-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: JMLS
193/2025	06-03-2025	Aprobar o padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de outubro de 2024, que comprende 106 recibos e 16 cotas cero dun total de 119 persoas usuarias e os importes correspondentes que deberán aboar cada unha das persoas usuarias, en función da súa capacidade económica e das horas de atención recibidas, por un importe total de 13.718,95 €
194/2025	06-03-2025	Aprobar o padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de setembro de 2024, que comprende 102 recibos e 17 cotas cero dun total de 118 persoas usuarias e os importes correspondentes que deberán aboar cada unha das persoas usuarias, en función da súa capacidade económica e das horas de atención recibidas, por un importe total de 13.036,05 €
195/2025	06-03-2025	Aprobar o padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de agosto de 2024, que comprende 101 recibos e 19 cotas cero dun total de 120 persoas usuarias e os importes correspondentes que deberán aboar cada unha das persoas usuarias, en función da súa capacidade económica e das horas de atención recibidas, por un importe total de 12.770,34 €
196/2025	06-03-2025	Aprobar o padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de xullo de 2024, que comprende 106 recibos e 22 cotas cero dun total de 124 persoas usuarias, e os importes correspondentes que deberán aboar cada unha das persoas usuarias en función da súa capacidade económica e das horas de atención recibidas, por un importe total de 13.650,52 €
197/2025	06-03-2025	Dar de alta no servizo de axuda no fogar a OCS con taxa 2.4 de 6,78 €/hora. A prestación do servizo será de 2 horas de luns a venres. A data de alta será a partir do día seguinte á sinatura desta resolución.
198/2025	06-03-2025	Dar de baixa no servizo de axuda no fogar a CDA. Motivo da baixa: Falecemento. A data de baixa é: 26/02/2025
199/2025	06-03-2025	Expedientes sancionadores de tráfico
200/2025	06-03-2025	Aprobar o nomeamento do xurado do concurso de disfraces, comparsas e carrozas do Entroido en Cambre 2025, segundo o indicado no apartado 8.1 das bases de referencia
201/2025	06-03-2025	Aprobar a autorización e disposición do gasto complementario en concepto de Retencións e ingresos a conta do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas sobre rendementos do traballo e de actividades económicas, premios e determinadas ganancias patrimoniais e imputacións de renda correspondente ao exercicio 2022 período 12 por importe de 162,85 euros e dos intereses de demora calculados sobre a cota non ingresada por importe de 13,79 euros
202/2025	07-03-2025	Levantar os reparos suspensivos formulados pola interventora municipal, no informe emitido en data 6 de marzo de 2025. Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para a adxudicación do contrato de produción do evento "Entroido pequeno Cambre 2025". Adxudicar o contrato de servizo e produción do "Entroido Pequeno en Cambre 2025", á José Luis Torrado

		Rodríguez", no prezo ofertado 21.350,00 euros (sen IVE), 25.833,50 euros (IVE incluído)
203/2025	07-03-2025	Levantar o reparo suspensivo formulado pola Intervención municipal no informe de data 25 de febreiro de 2025 isto de conformidade co informe emitido pola axente de desenvolvemento local o 27 de febreiro de 2025. Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor cuxo obxecto é a contratación de pólizas de seguros de accidentes e de responsabilidade civil para os cursos do Plan formativo para o Emprego. (Plan AFD 2024/25). Adxudicar o contrato menor á empresa Markel Insurance no importe máximo de 975,00 euros (IVE 0%)
204/2025	07-03-2025	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 11 de marzo de 2025
205/2025	07-03-2025	Modificar a hora de celebración da sesión da Xunta Local de Seguridade do Concello de Cambre convocada por resolución desta Alcaldía núm. 135/2025, do 14 de febreiro de 2025, para o vindeiro día 13 de marzo de 2025, que queda fixada para as 10:00 horas, sen que esta modificación afecte ao resto do contido da convocatoria
206/2025	10-03-2025	Para o caso de que non poida chegar á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local convocada para as 09:00 horas do día 11 de marzo de 2025, delegar as funcións que ostenta esta Alcaldía no primeiro tenente de alcalde, don Juan González Leirós, polo tempo de celebración da dita sesión
207/2025	10-03-2025	Expedientes sancionadores de tráfico
208/2025	10-03-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: MCC
209/2025	10-03-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: RVN
210/2025	10-03-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: NMSM
211/2025	11-03-2025	Autorizar para a apertura das urnas perimetrais sinaladas ao número 125, letra B, co fin de exhumar os restos de CPP cuxo cadáver foi inhumado no dito nicho o día 14 de xuño do ano 2007, e ao número 125, letra D, ao obxecto de exhumar os restos de JBP cuxo cadáver foi inhumado no dito nicho o día 5 de abril de 2011. Non autorizar a solicitude de apertura da urna perimetral núm. 125 letra C para a exhumación dos restos de JBP xa que non constan nos arquivos municipais o seu enterramento. Solicitante: ECL
212/2025	11-03-2025	Autorizar, con efectos do día 21 de febreiro de 2025, a apertura da urna central sinalada co número 44 letra C no cemiterio municipal de Cambre, en data 21 de febreiro de 2025 co obxecto de inhumar os restos mortais de CCG falecida o día 20 de febreiro de 2025. Solicitante: RPC
213/2025	11-03-2025	Expedientes sancionadores de tráfico
214/2025	12-03-2025	Levantar o reparo suspensivo formulado pola Intervención municipal no informe de data 24 de febreiro de 2025 á contratación de tres traballadores/as: dous operarios peón e un oficial albanel para a realización de traballos enmarcados dentro do departamento de Obras e Servizos municipal ao amparo do Programa PEL CONCELLOS 2025, isto visto o informe de

		levantamento de reparos emitido pola responsable da Axencia de Desenvolvemento Local o 07 de marzo de 2025. Dispoñer que continúe o procedemento para a contratación
215/2025	12-03-2025	Aprobar e dispor o gasto, e recoñecer e liquidar obrigas a prol de UTE INSTELEC-CANARGA por importe de 1.508,06 €, en concepto de xuros devengados, e un importe de 40,00 € en concepto de costes de cobro, en execución de sentenza núm. 227/2024 do Xulgado Contencioso Administrativo nº 2 da Coruña recaída no procedemento abreviado 19/2024-L, así como o seu pagamento e realización do pago
216/2025	12-03-2025	Avocar a delegación xenérica da área de Desenvolvemento Local, Patrimonio e Turismo a prol do terceiro tenente de alcaldesa, don Ramón Boga Moscoso, dende o día 16 ao 24 de marzo de 2025, ambos os dous incluídos
217/2025	12-03-2025	Rectificar o parágrafo primeiro da parte expositiva da Resolución da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais e Recursos Humanos número 123/2025, do 13 de febreiro, “sobre a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada por CVC”, debe dicir: “sobre a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada por JRPB”
218/2025	12-03-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: VJJA
219/2025	12-03-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 21/02/2025, xa que segundo o disposto no artigo 6, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: OMOM
220/2025	12-03-2025	Autorizar a apertura da urna perimetral sinalada ao número 104, letra A, dos perimetrais do cemiterio municipal de Cambre, co fin de exhumar os restos de JPP, falecida o 13 de setembro de 1985, para o seu traslado ao cemiterio de Quembre, Carral. Solicitante: JFC, en representación de MTPCh
221/2025	12-03-2025	Arquivar o expediente incoado a ASP ao terse constatado que se rectificaron as causas que deron lugar á súa incoación para corrixir o deficiente estado do noiro existente na finca sita en Bandedó, Brexo-Lema
222/2025	12-03-2025	Desestimar a solicitude de devolución de ingresos indebidos presentada, por carecer de fundamento xurídico a súa reclamación ao térselle liquidado a taxa por subministración de auga, segundo o padrón fiscal aprobado, aplicando o establecido para o suposto de producirse excesos de consumo por avaría interna na rede, no artigo 6, epígrafe 4. Tarifas por avarías da ordenanza fiscal núm. 15 reguladora da taxa por subministración da auga. Solicitante: MSD
223/2025	13-03-2025	Aprobar e dispor o gasto así como o recoñecemento e liquidación de obrigas por importe de 363,00 € en concepto de costas procesuais do procedemento abreviado 000048/2024, e a ordenación do pagamento da devandita cantidade Beneficiario: Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 da Coruña
224/2025	13-03-2025	Aprobar e dispor o gasto e recoñecer e liquidar obrigas por importe 484,00 euros en concepto de costas procesuais do procedemento abreviado 0000224/2023 TC-1, e a ordenación do pagamento. Beneficiario: Xulgado Contencioso Administrativo nº 4 da Coruña
225/2025	13-03-2025	Devolver a fianza con núm. de rexistro 1031 depositada na Tesourería municipal por ASV, por importe de 1.800,00 €, como garantía da obriga de reparación das deterioracións que se puidesen producir nos camiños públicos con motivo da execución das diversas cortas
226/2025	12-03-2025	Aprobar e dispor o gasto, así como o recoñecemento e liquidación de obrigas por importe de 484,00 € en concepto de costas procesuais do procedemento

		abreviado 000319/2023, e a ordenación do pagamento da devandita cantidade. Beneficiario: Xulgado Contencioso Administrativo nº 4 da Coruña
227/2025	13-03-2025	Aceptar a renuncia voluntaria de SA á súa condición de funcionaria interina neste Concello, con efectos do 16 de marzo de 2025, de conformidade cos artigos 64 do Texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, e 65 da Lei 2/2015 do Emprego público de Galicia
228/2025	14-03-2025	Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no seu informe de data 25 de febreiro de 2025 e continuar coa tramitación dos lotes 1 e 2 do expediente relativo á contratación mediante procedemento aberto simplificado abreviado das "Subministracións e servizos para a execución do Obradoiro de Emprego "PROXEDIS SOCIO Sanitario - Educativo II 2024 - 2025"
229/2025	14-03-2025	Aprobar a lista definitiva de admitidos/excluídos ao concurso-oposición para a elaboración de relación de candidatos para nomeamentos de técnicos de xestión de administración xeral interinos
230/2025	14-03-2025	Convocar proceso para a selección en réxime laboral temporal de tres traballadores/as, dous operarios peón e un oficial albanel, para a execución das obras e servizos aprobados por resolución núm.1394/2024 do concelleiro delegado da área de Desenvolvemento Local, Patrimonio e Turismo
231/2025	14-03-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: ACJ
232/2025	14-03-2025	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 18 de marzo de 2025
233/2025	14-03-2025	Aprobar a liquidación das retencións do Imposto sobre a renda das persoas físicas practicadas por este concello por rendementos do traballo ao persoal municipal no mes de febreiro de 2025 por importe de 52.565,57 euros
234/2025	14-03-2025	Advertido un erro na Resolución desta Alcaldía número 228/2025 do día 14 de marzo de 2025 en concreto no apartado primeiro da parte expositiva, ao consignarse que no Lote 2 se indicou a existencia dun só licitador, cando se presentaron 2. Visto o artigo 109.2 da Lei 39/2025, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, corrixir o erro detectado na resolución citada
235/2025	14-03-2025	Autorizar a apertura da urna perimetral sinalada co número 37, letra A no cemiterio municipal de Cambre solicitada en data 4 de novembro de 2024 ao obxecto de inhumar os restos mortais de MPRV falecida o día 3 de novembro de 2024. Solicitante: PIFR
236/2025	14-03-2025	Autorizar para a apertura da urna perimetral sinalada ao número 69, letra C, do cemiterio municipal de Cambre, co fin de exhumar os restos de LGM, exhumación que tivo lugar o día 31 de xaneiro do ano 2025. Solicitante: MCVG
237/2025	14-03-2025	Autorizar a apertura da urna perimetral sinalada co número 102 letra C no cemiterio municipal de Cambre solicitada en data 6 de febreiro de 2025 ao obxecto de inhumar os restos mortais de MMMP, que se realizou en data 6 de febreiro de 2025. Solicitante: MLMP
238/2025	14-03-2025	Autorizar a apertura da urna perimetral sinalada co número 126 letra B no cemiterio municipal de Cambre, solicitada en data 6 de febreiro de 2025 ao obxecto de inhumar os restos mortais de DSV, falecida o día 4 de febreiro de 2025. Solicitante: MLFS
239/2025	14-03-2025	Autorizar a apertura da urna central sinalada co número 70 letra A no cemiterio municipal de Cambre, en data 20 de febreiro de 2025 ao obxecto de inhumar os restos mortais de MCJ, que se realizou en data 20 de febreiro de 2025. Solicitante: ÁVC
240/2025	14-03-2025	Autorizar a apertura da urna perimetral sinalada co número 91 letra A no

		cemiterio municipal de en data 9 de febreiro de 2025 ao obxecto de inhumar os restos mortais de JMB que se realizou en data 7 de febreiro de 2025. Solicitante: CBV
241/2025	14-03-2025	Autorizar a apertura da urna perimetral sinalada co número 125 letra A no cemiterio municipal de Cambre en data 6 de agosto de 2024 ao obxecto de inhumar as cinzas de JEFV cuxo cadáver foi cremado o día 3 de agosto de 2024, e cuxas cinzas foron inhumadas en dito nicho en data día 3 de agosto de 2024. Solicitante: DRF
242/2025	17-03-2025	Expedientes sancionadores de tráfico
243/2025	17-03-2025	Autorizar a substitución das prazas de garaxe do soto 2 do edificio sito na rúa Estanque, e rúa Luis Pimentel, que estaban vinculadas ao edificio sito na rúa Costa da Tapia, O Temple, por imposibilidade técnica de construílas nel, segundo a licenza de obra nº 2022/U022/02 concedida á entidade LT, C.B. por resolución do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras nº 1132/2022 de data 20 de xuño de 2022
244/2025	17-03-2025	Arquivar o expediente incoado a MCBP para a poda das pólas provenientes da finca sita no lugar de Meixigo, ao terse constatado que se rectificaron as causas que deron lugar á súa incoación, téndose cortado as árbores cuxas polas invadían a vía pública
245/2025	17-03-2025	Arquivar o expediente incoado a MCBP para a poda das pólas provenientes da finca sita no lugar de Meixigo, que están a invadir o espazo público ao terse constatado que se rectificaron as causas que deron lugar á súa incoación
246/2025	17-03-2025	Iniciar expediente de orde de execución a IBC para a roza da vexetación existente na finca sita en Ponte de Cela, Cela e a poda das árbores que están a afectar a infraestruturas de iluminación pública na marxe do camiño de titularidade municipal, así como para a retirada do lixo existente no interior da parcela
247/2025	17-03-2025	Iniciar procedemento sancionador a FGGL S.L. pola realización dunha talla no lugar do Souto, Pravio, carecendo de título habilitante municipal e causando danos ao camiño público inventariado e unha arqueta, sen ter depositado o correspondente aval e carecendo de título habilitante municipal
248/2025	17-03-2025	Comparecer no procedemento abreviado número 0000249/2024, demanda interposta pola representación procesual de "Mapfre España, Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A." e de JC-DD, contra o Concello de Cambre por responsabilidade patrimonial, ante o Xulgado Contencioso Administrativo número 3 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, a trámite da.
249/2025	17-03-2025	Expedientes sancionadores de tráfico
250/2025	17-03-2025	Recoñecer o dereito á devolución do importe ingresado por duplicado do recibo de auga núm. 14684/214, por importe de 66,37 euros, así como os xuros de demora. Solicitante: ACP
251/2025	17-03-2025	Recoñecer o dereito á devolución do importe ingresado por duplicado do recibo de auga núm. 9696/241, por importe de 108,12 euros, así como os xuros de demora. Solicitante: M ^a DVM
252/2025	17-03-2025	Recoñecer o dereito á devolución do importe ingresado por duplicado do recibo de auga núm. 14285/234, por importe de 66,96 euros, así como os xuros de demora. Solicitante: SSM
253/2025	17-03-2025	Convocar sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do Concello de Cambre para o xoves 20 de marzo de 2025, ás 11:00 horas
254/2025	17-03-2025	Requirir a ARP para que dentro do prazo de 3 meses presente a documentación para regularizar a actividade de compravenda de vehículos e venda de recambios para coches, ademais do depósito de vehículos, en Aián, Sigrás

255/2025	17-03-2025	Desestimar a solicitude presentada por CCP, en representación de CLA, por non quedar suficientemente acreditado que se adoptaron as medidas correctoras suficientes para garantir a correcta limpeza e funcionamento da cheminea e axuste o exercicio da actividade da grellada sita en Curros Enríquez, O Temple ás medidas correctoras establecidas para o seu funcionamento, debendo a tal fin achegar a documentación acreditativa do seu cumprimento
256/2025	17-03-2025	Arquivar o expediente incoado a MCBP para a poda das pólas provenientes da finca sita no lugar de Meixigo, ao terse constatado que se rectificaron as causas que deron lugar á súa incoación, téndose cortado as árbores cuxas polas invadían a vía pública
257/2025	18-03-2025	Deixar sen efecto o nomeamento efectuado por Resolución da Alcaldía núm. 248/2025, do 17 de marzo, a prol de MCPV e encomendar este concello a defensa e representación no procedemento abreviado número 0000249/2024 ante o Xulgado Contencioso Administrativo número 3 da Coruña, ao letrada SGU
258/2025	18-03-2025	Nomear a dona LRP graduada social interina, encadrada na Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, clase Técnicos Medios, pertencente ao grupo "A", subgrupo "A2", para ocupar o posto vacante de xefa da Unidade de Réxime Interior, de conformidade co artigo 23-2c) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
259/2025	18-03-2025	Considerar desistida a HRR da solicitude de bonificación do 100% das taxas pola rede de sumidoiros e subministración de auga, segundo o disposto no artigo 5 da Ordenanza Fiscal núm. 15 e artigo 6 da Ordenanza Fiscal núm. 9, solicitada con data 12 de agosto de 2024, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
260/2025	18-03-2025	Expedientes sancionadores de tráfico
261/2025	18-03-2025	Considerar desistida a ITGF da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 04/12/2024 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
262/2025	18-03-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 12/03/2025, xa que segundo o disposto no artigo 22.1, non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2, o saldo medio de aforro bancario supera o máximo establecido pola ordenanza. Solicitante: MPCP
263/2025	19-03-2025	Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no seu informe de data 13 de marzo de 2025, isto con base no informe emitido pola axente de desenvolvemento local, co visto e praxe da responsable da Axencia de Desenvolvemento Local, de data 17 de marzo de 2025 e continuar coa tramitación dos lotes 3, 5 e 6 do expediente relativo á contratación mediante procedemento aberto simplificado abreviado dos "Subministracións e servizos para a execución do Obradoiro de Emprego "PROXEDIS SOCIO Sanitario - Educativo II 2024 - 2025"
264/2025	18-03-2025	Aprobar facturas e gastos por importe total de 1.526,33 euros
265/2025	20-03-2025	Convocar sesión extraordinaria da Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá para o martes 1 de abril de 2025, ás 12.30 horas,
266/2025	20-03-2025	Aprobar a incorporación de remanentes de crédito do exercicio 2024 número 3/2025 por importe de 27.205,33 euros
267/2025	20-03-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe

		de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 3 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: LMFJ
268/2025	20-03-2025	Aprobar o expediente de xeración de crédito número 4/2025 por importe de 96.804,08 euros correspondentes á anualidade 2025
269/2025	20-03-2025	Delegar a totalidade de funcións que ostenta esta Alcaldía no primeiro tenente de alcalde, don Juan González Leirós, que as exercerá os días 29 e 31 de marzo de 2025, ambos incluídos
270/2025	21-02-2025	Levantar o reparo suspensivo formulado no informe de fiscalización da interventora municipal do 13 de marzo de 2025 á proposta de nomeamento de JMDD como funcionario interino docente para impartir o curso “Soldadura con arco baixo gas protector con electrodo non consumible, soldeo TIG”, código FMEC0219, Familia Profesional Fabricación Mecánica (número do curso 2024/001469), enmarcado no Plan Formativo para o Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia (Plan AFD) 2024/2025, isto tendo en conta o informe emitido polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior do 19 de marzo de 2025. Dispoñer que continúe o procedemento para o nomeamento.
271/2025	21-02-2025	Convocar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local para o martes día 25 de marzo de 2025, ás 9.00 horas
272/2025	21-02-2025	Aprobar as facturas que se relacionan por importe total de 97.519,17 euros. Autorizar e dispor o gasto, no seu caso, así como recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos gastos con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, e aprobar a ordenación e realización do seu pagamento.
273/2025	21-02-2025	Nomear a JMDD como funcionario interino docente para impartir o curso “Soldadura con arco baixo gas protector con electrodo non consumible, soldeo TIG”, código FMEC0219, Familia Profesional Fabricación Mecánica (número do curso 2024/001469), do Plan Formativo para o Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia (Plan AFD) 2024/2025, por razón xustificadas de necesidade e urxencia e para a execución de programas de carácter temporal, de conformidade co artigo 23-2c) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia.
274/2025	21-02-2025	Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para a adxudicación dos Lotes 1 e 2 do contrato de “Subministracións e servizos para a execución do Obradoiro de Emprego “PROXEDIS SOCIO Sanitario - Educativo II 2024 - 2025” (Exped. 2024/C005/000013). Adxudicar o Lote 1.- <i>Subministración de equipos de protección individual (EPIs)</i> á entidade “ALC SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L.”, con NIF B54768288, no prezo ofertado de 1.697,39 € sen IVE (2.053,84 € IVE incluído), coas melloras ofertadas relativas á entrega dos artigos que non requiren serigrafía nun prazo de 4 días hábiles, e entrega dos artigos que si requiren serigrafía nun prazo de 7 días hábiles. Adxudicar o Lote 2.- <i>Subministración de libros de texto e material didáctico</i> á entidade “BURO PLANET S.L.U.”, con NIF B70065131, no prezo ofertado total de 1.398,00 € sen IVE (1.471,95 € IVE incluído), coa mellora ofertada de entrega dos artigos nun prazo de 3 días hábiles.
275/2025	21-02-2025	Autorizar a apertura da urna central sinalada co número 9 letra A no cemiterio municipal de Cambre solicitada por VDL, en data 18 de decembro de 2024 - Número Rexistro de Entrada 20240000000- ao obxecto de inhumar os restos mortais de MFLP en dito nicho, que se realizou en data 16 de decembro de 2024.
276/2025	21-02-2025	Conceder a IFO, a autorización para exercer a venda ambulante durante o evento Festa da Xuventude de Brexo Lema o día 22 de marzo de 2025, para a venda de produtos de panadería, xa que, segundo os informes que constan no expediente, cumpre con todos os requisitos esixidos na ordenanza reguladora da venda ambulante en Cambre para o exercicio da actividade.

277/2025	21-02-2025	Proceder á devolución da fianza con núm. de rexistro 1068 depositada na Tesourería municipal por DVR, S.A.U., por importe de 3.600,00 €, como garantía da obriga de reparación das deterioracións que se puidesen producir nos camiños públicos con motivo da execución dunha talla de 260 eucaliptos e 190 piñeiros na finca sita no lugar de Corgo, parroquia de Brexo, comunicada no expediente núm. 2022/U026/000108.
----------	------------	---

Igualmente, a Presidencia dá conta aos membros da Corporación dos acordos da Xunta de Goberno Local adoptados por delegación da Alcaldía, que se relacionan a continuación:

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 11 de marzo de 2025
- Proposta de adxudicación do contrato baseado para a subministración de papel de equipos de impresión do Concello de Cambre (expediente TEdC nº 2024/C005/000001)
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 18 de marzo de 2025
- Proposta relativa á solicitude de adhesión específica do Concello de Cambre ao acordo marco da Central de Contratación do Estado para a subministración de ordenadores de mesa, ordenadores portátiles, monitores e outras solucións do posto de traballo (AM 02/2023)

4.4. ROGOS

Acceso á videoacta – 01:37:56 horas

ROGOS DO PP PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202599900001820 o día 24 de marzo de 2025, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - Acceso á videoacta – 01:38:06 horas

Lee o rogo a Sra. Piñeiro Fernández.

“Os veciños de Cambre seguen pagando a taxa de lixo máis alta, porque o Consorcio rexeitou acollerse aos descontos de ata 25 euros por tonelada que ofrece Sogama, isto supón un sobrecusto considerable para os nosos veciños. Tamén, a pesar de incumplir a normativa europea e supoñer un agravio económico importante para o noso concello, o Goberno decidiu seguir en Nostión. Por tanto dende o grupo popular rogamus que calquera futuro acordo ou decisión desta magnitude no Consorcio das Mariñas e que nos afecta a todos, sexa informada e consensuada cos grupos municipais desta Corporación e as decisións se tomen por maioría en representación do Concello de Cambre, non solo polo goberno.”

A Sra. alcaldesa contesta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 01:39:23 horas

Lee o rogo a Sra. Espiñeira Galán.

“É unha mágoa comprobar o estado de abandono no que se atopa a Barcala, un abandono de anos, as súas rúas cheas de mugre e co firme levantado supoñen un perigo para camiñantes. Rogamos desde o Partido Popular que a maiores das obras co cargo aos POS da Deputación, fagan por manter en boas condicións aquilo que xa está, xa que o mantemento de xardineiras é pésimo na actualidade, os bancos de pedra están cheos de mugre, tamén habería que mellorar a pista polideportiva que ten as súas dúas porterías cheas de óxido entre outras cousas. A Barcala sempre estará presente para o PP de Cambre como un reto polo que loitar, xa que os veciños teñen a impresión de ser os grandes esquecidos e desterrados deste goberno.”

O Sr. González Leirós contesta o rogo. Intervén a Sra. Espiñeira Galán.

(Cando son as trece horas e tres minutos a Sra. alcaldesa solicita que abandonen o salón de sesións dúas persoas do público asistente)

3º rogo - Acceso á videoacta – 01:49:37 horas

Lee o rogo o Sr. Vázquez Pérez.

“Este xoves 20 de marzo ante a visita do presidente da Deputación na obra da Patiña en Cela, produciuse un desencontro entre a alcaldesa María Pan e o señor González Formoso por segundo os medios de comunicación finalizou coa marcha da alcaldesa, molesta por encontrarse presentes concelleiros doutro partido cando non se lle permitiu acudir co resto de membros do seu Goberno á visita tras pedilo.

Segundo declaracións feitas pola alcaldesa aos medios: *“Unha petición que foi rexeitada. Cando chegamos ao lugar, a nosa sorpresa foi atopar a tres dos catro edís do PSOE de Cambre e a representantes do partido a nivel provincial, algo que consideramos un agravio respecto do resto de grupos da corporación no que nós, desde logo, non íamos a participar”*. Pan lamenta que a persoa que se encontra ao fronte da Deputación *“un alcalde, coma min, convertera isto nun acto de partido, algo que para min é unha falta de respecto cara ao Concello de Cambre e cara a súa máxima representante, que é a alcaldesa”*.

Despois das numerosas ocasións que dende o Partido Popular pedimos a alcaldesa que se nos avisara e convidara ao resto dos grupos municipais a actos ou encontros organizados polo Concello e que se celebran nel como representantes que tamén somos dos veciños e que a señora Pan negouse. Ante este repentino interese da alcaldesa por unha presenza xusta do resto de grupos nas visitas que se producen en Cambre de representantes doutras administracións, dende o Partido Popular rogamus se nos avise e convide aos grupos municipais nas visitas que se produzan de representantes doutras administracións en Cambre, así como en todos os eventos organizados polo Concello ou celebrados nel.”

A Sra. alcaldesa contesta o rogo. Intervén o Sr. Alcantarilla Rei e o Sr. Vázquez Pérez.

(Cando son as trece horas e dezasete minutos auséntase do salón de sesións a concelleira Sra. Pan Matos, que se reincorpora cando son as trece horas e vinte minutos)

ROGOS DO PSDEG-PSOE PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202599900001819 o día 24 de marzo de 2025, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que redactados en castelán e transcritos ao galego din:

1º rogo - Acceso á videoacta – 02:05:38 horas

Lee o rogo a Sra. Prieto Lamas.

“Rogamos se limpe o vertedoiro recorrente que se atopa na pista situada na marxe dereita da estrada DP-1703 en Leiras. Sabemos que a limpeza que se fai neste vertedoiro dura pouco, por iso é necesario que se faga un control e vixilancia máis continuo para evitar que se encha de madeiras, plásticos, sofás, etc., evitando así un prexuízo para o medio ambiente e os veciños.”

O Sr. González Leirós contesta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 02:07:18 horas

Lee o rogo a Sra. Prieto Lamas.

“Rogamos que se axilice a tramitación das solicitudes presentadas por rexistro. Non é admisible que, por exemplo, solicitudes de traballadores deste Concello para a obtención de certificados de servizos prestados, rexistradas en novembro, continúen sen ser xestionadas.”

A Sra. alcaldesa contesta o rogo.

3º rogo - Acceso á videoacta – 02:08:08 horas

Lee o rogo o Sr. Alcantarilla Rei.

“Dado o déficit de persoal debido a prazas vacantes e baixas, solicitamos que se elaboren de forma inmediata as bases para a cobertura dos devanditos postos. Así mesmo, requirimos que se informe á Corporación sobre os avances deste proceso.”

A Sra. Díaz Baldomir contesta o rogo. Intervén o Sr. Alcantarilla Rei.

ROGOS DO BNG PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202599900001814 o día 24 de marzo de 2024, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - Acceso á videoacta – 02:09:53 horas

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes.

“Na corta que se está levando a cabo en Armental, na estrada que vai dende a panadería da Gándara, a empresa deixou un tronco con risco de caer na estrada, co perigo que iso supón. Solicitamos: Que se proceda a dar solución de inmediato para garantir a ausencia de perigo na zona.”

O Sr. González Leirós contesta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 02:11:31 horas

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes.

“Diante da implantación dos novos colectores de lixo, vemos que non se distribuíron aínda por toda a nosa xeografía. Sen entrar en detalle, debe ser o propio Consorcio quen debe ter un mapa da súa distribución. SOLICITAMOS: Que se requira ao organismo do Consorcio para que detalle a forma de implantación dos mesmos e calendario de remate.”

O Sr. González Leirós contesta o rogo.

3º rogo (presentado oralmente) - Acceso á videoacta — 02:13:00 horas

A Sra. Prieto Miramontes formula o seguinte rogo:

Di que diante do recoñecemento feito nas pasadas comisións informativas por parte da Sra. alcaldesa onde se ridiculizaba, na páxina oficial do Concello de Cambre en Facebook, con fotografías, ás funcionarias habilitadas, secretaria e interventora, mediante uns disfraces alegóricos a elas, recoñecibles polo uso torticeiro e de acoso que se fai nun perfil fake de Facebook de xeito continuado, e con información de primeira man procedente da casa consistorial onde a propia alcaldesa, o concelleiro Ramón Boga Moscoso, María del Carmen Pan Matos, Yolanda Díaz Baldomir, e a asesora do equipo de goberno de UxC, Mónica Varela Germade, vestían os traxes de nenas do Resplandor, xunto coa do personaxe que fai de asasino, Jack Torrance.

Di que esta Corporación, no que atinxe a varios membros da oposición, entre os que está o BNG, ficaron estupefactos do propio recoñecemento, así como da fachenda de terse disfrazado dese xeito, acusándoos dende UxC de que non eran galegos, que non entendían o Entroido, e que era unha festa con esa liberdade.

Di que é difícil atopar historicamente unha situación semellante de barbaridade democrática e mesmo delictiva, pois é sabido que tales traballadoras do Concello de Cambre son sometidas a ameazas anónimas, que as teñen en estado de alerta, a elas e ás súas familias; que sorprende máis se cabe porque o acto en si supón un recoñecemento explícito da campaña de desprestixio, mentiras e acoso que se fai de dúas traballoras que, a día de hoxe, e di que alguén os corrixa se erran, o único que fixeron foi levar a cabo o seu traballo, velando polos intereses de todas e todos os cambreses.

Di que sorprende tamén, que de cara a levar un concello, tanto a alcaldesa como calquera outro concelleiro ou concelleira, deben tentar crear un clima laboral que facilite a multitude de tarefas que inevitablemente se producen na Administración; que de todas e todos é sabido que o ambiente laboral hoxe en día é irrespirable, incómodo e calquera cualificativo que lle puideran buscar nese senso; que así é que ninguén quere vir traballar ao noso querido concello; que é algo que hai que solucionar xa, e que iso pasa por ter unha actitude totalmente diferente á que UxC está a levar a cabo, e para a cal está obrigada dende o momento en que presentaron candidatura.

Continúa dicindo que diante deses feitos dende o BNG vense na obriga de facer un rogo imprescindible de cara a defender a esas traballadoras, así como a calquera outra traballadora ou traballador que leve o desempeño do seu traballo diante da legalidade que así as ampara; que é tempo de reflexionar onde chegou a Administración local de Cambre e porqué; que as formas empregadas está claro que non só non surtiron efecto, máis ao contrario, que con esa astracanada empeoraron máis e puxeron a un goberno no ridículo máis profundo, rozando coa ilegalidade.

Di que ningún cargo público debe, nin pode, obstando o poder que lle foi dado nas urnas, usar o mesmo para tentar amedrentar ao persoal propio; e que é polo que de momento solicitan que de cara á responsabilidade inherente ao cargo e ao bo sentido do ben común, ningún membro, e menos do equipo

de goberno, use os medios propios de difusión que ten ao seu dispor para publicar imaxes que desprestixen a un concello e, por extensión, a parte da súa veciñanza. Di que se inclúe nesta solicitude a necesaria desculpa pública por parte do Goberno de Cambre, non só ás habilitadas, senón ao conxunto da cidadanía, algo que diría moito dun cambio de actitude e de rumbo democrático.

(Cando son as trece horas e trinta e cinco minutos auséntase do salón de sesións o concelleiro Sr. Barrientos Morales, que se reincorpora cando son as trece horas e trinta e seis minutos)

A Sra. alcaldesa contesta o rogo.

3.4. PREGUNTAS

Acceso á videoacta – 02:26:31 horas

PREGUNTAS DO PP PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202599900001820 o día 24 de marzo de 2025, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:26:32 horas

Lee a pregunta o Sr. Gonzalo Lamela.

“Dende o grupo popular queremos saber por que a asociación da terceira idade da Barcala que ten cedido o uso do local, non se lle notificou por escrito a decisión do Concello de compartilo con outra asociación.”

(Cando son as trece horas e corenta e cinco minutos auséntase do salón de sesións o concelleiro Sr. Alcantarilla Rei)

A Sra. Pan Matos contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:28:00 horas

Lee a pregunta o Sr. Vázquez Pérez.

«Nos últimos tempos vimos como se degradaba a situación laboral dos traballadores do Concello, coa escaseza de persoal polas baixas e traslados a outros concellos, polo aumento da carga de traballo e por ter unha relación de postos de traballo de 1999 que quedou desfasada, levando a Cambre a unha situación extrema. Nas últimas semanas as protestas dos traballadores municipais han sido continuas, piden solucións urxentes e menos promesas incumpridas. Entre as supostas declaracións feitas polos traballadores en diferentes medios de comunicación dise: “o persoal fuxe a outras administracións”, “temos moitas baixas por saúde mental e que están vacantes”, “levamos anos sufrindo en silencio”, “nestes momentos estamos nun concello feudal onde as persoas que o dirixen só queren vasalos e xeran moitos conflitos en lugar de chegar a acordos e negociar, “agora debe haber 30 postos vacantes”, “non temos carreira profesional, entras nunha categoría e 40 anos despois deixándote a pel saes igual”, “levamos dous anos sen controis de saúde”, “sufrimos faltas de respecto incluíndo intimidacións e agresividade polo exercicio da actividade sindical”, “moitos traballadores están continuamente realizando funcións que non lles corresponden”, “falta promoción interna”, “non temos listas de substitución”... Ante a mala xestión do persoal por parte deste Goberno o a falta de solucións reais e efectivas, ante as continuas promesas

incumpridas que denuncian os traballadores, ante a negativa da alcaldesa María Pan a que se trate no pleno a moción proposta polo Partido Popular para a creación dunha comisión técnica que elabore unha nova proposta de relación de postos de traballo que poida solucionar a maioría destes problemas... ¿Que ten pensado facer este Goberno para solucionar estes problemas, que non lle dera tempo a facer despois de 10 anos gobernando?»

(Cando son as doce horas e oito minutos reincorpórase reincorpora á sesión o concelleiro Sr. Alcantarilla Rei)

A Sra. Díaz Baldomir contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:35:01 horas

Lee a pregunta a Sra. Espiñeira Galán.

“Dende o Partido Popular preguntamos se a maiores de posar, daquela maneira, como criaturas do resplandor, ¿estanse a xestionar o pago dos premios desta edición do Entroido?, cando teñen pendente aínda o pago dos premios de edicións anteriores.”

O Sr. Barrientos Morales contesta a pregunta.

PREGUNTAS DO PSDEG-PSOE PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202599900001819 o día 24 de marzo de 2025, xunto cos rogos presentados para este pleno, que redactadas en castelán e transcritas ao galego din:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:35:58 horas

Lee a pregunta a Sra. Rodríguez López.

“En que estado se atopan as subvencións destinadas ás asociacións, incluíndo os prazos, a tramitación e os avances realizados ata a data?”

O Sr. Mallo Castro contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:37:07 horas

Lee a pregunta o Sr. Alcantarilla Rei.

“En que estado se atopan os pregos dos servizos básicos ?”

A Sra. alcaldesa contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:38:17 horas

Lee a pregunta a Sra. Prieto Lamas.

“Cando se contempla comezar co novo prego de limpeza viaria?”

O Sr. González Leirós contesta a pregunta.

PREGUNTAS DO BNG PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202599900001814 o día 24 de marzo de 2024, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:39:13 horas

Lee a pregunta a Sra. Prieto Miramontes.

“Diante de varios rogos que dende o BNG se trouxeron tanto a Comisións informativas como a Pleno sobre varios aspectos de mobilidade reducida entre os que se inclúen as prazas dabondo (PMR), tamén nos días de feira, por parte do concelleiro delegado foron aceptados. Preguntamos hoxe, cando se van levar a efecto polo menos as máis urxentes.”

O Sr. Mallo Castro contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:40:10 horas

Lee a pregunta a Sra. Prieto Miramontes.

“Aínda que sexa primaveira, sendo previsores cara o tempo de baño, e unha vez saneada a ría, seguimos sen saber o estado salubre da auga para os posibles bañistas que se sumen este ano a esa boa práctica. Pode o goberno municipal solicitar da Xunta un análise da calidade da auga da ría? Ou no seu defecto solicitalo directamente a Sanidade?”

O Sr. González Leirós contesta a pregunta.

3ª pregunta (presentada oralmente) - Acceso á videoacta – 02:41:18 horas

A Sra. Prieto Miramontes formula a seguinte pregunta:

Aparecen estes días, ou polo menos onte ou antonte, unha normativa sobre a eliminación de contadores que teñan máis de 15 anos, de auga, e a substitución durante todo o ano 2025; que ela estivo mirando un pouco por enriba, pero que non se aclarou; que parece ser que deben de ser as empresas contratistas do servizo as que teñen que substituír eses contadores por un prezo, e que parece ser que a multa, se non se leva a cabo, pode ser de ata 5000 euros; e pregunta se saben algo disto, se lles chegou algunha noticia que lles poidan clarificar.

Contestarase por escrito.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as catorce horas do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe

A presidenta

(Asinada dixitalmente)

María Dolores Pan Lesta

A secretaria xeral

(Asinada dixitalmente)

Pilar María Pastor Novo